

# Programación didáctica

## Xeografía e Historia

Curso 2022-2023

Grupo: 4º da ESO

Docente: Sergio López Vázquez



## Índice

<b>1. Introducción</b> .....	<b>4</b>
<b>2. Xustificación</b> .....	<b>4</b>
<b>3. Datos do departamento</b> .....	<b>6</b>
<b>4. Contextualización</b> .....	<b>6</b>
a) Contexto .....	6
b) Centro .....	7
c) Aula .....	8
<b>5. Metodoloxía</b> .....	<b>9</b>
a) Características psicoevolutivas do alumnado .....	9
b) Principios e estratexias metodolóxicas.....	9
c) Actividades de ensinanza e aprendizaxe.....	10
d) Modalidades de agrupamento .....	10
e) Recursos didácticos e curriculares.....	11
<b>6. Competencias clave</b> .....	<b>11</b>
<b>7. Obxectivos</b> .....	<b>13</b>
<b>8. Contidos</b> .....	<b>14</b>
<b>9. Criterios de avaliación</b> .....	<b>16</b>
<b>10. Atención á diversidade e alumnado con NEAE</b> .....	<b>22</b>
<b>11. Unidades didácticas</b> .....	<b>22</b>
<b>12. Elementos transversais</b> .....	<b>52</b>
<b>13. Actividades complementarias</b> .....	<b>53</b>
<b>14. Relación familia-centro educativo</b> .....	<b>54</b>
<b>15. Avaliación e promoción</b> .....	<b>54</b>
a) Avaliación inicial .....	56
b) Avaliación continua .....	56
15.b.1 Procedementos para a avaliación continua .....	56
15.b.2 Criterios de cualificación .....	57
15.b.3 Elaboración da nota media trimestral.....	58
15.b.4 Recuperación dunha proba ou exame .....	59
15.b.5 Recuperación dunha avaliación .....	59
c) Avaliación final.....	59
d) Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.....	60
e) Avaliación da programación didáctica .....	62
<b>16. Adaptación da programación ás continxencias sanitarias pola COVID-19</b> .....	<b>62</b>
<b>16.1 Modelos de aplicación da programación didáctica no curso 22-23</b> .....	<b>62</b>
16.1.1 Modelo A (presencial) .....	62

16.1.2 Modelo B (semipresencial) .....	63
16.1.3 Modelo C (online).....	63
<b>17. Bibliografía .....</b>	<b>67</b>

## 1. Introducción

A sociedade e os elementos que a conforman son produto dun pasado, ás veces compartido e outras veces influido por culturas alleas, que contribuíu a darlle o significado que na actualidade ten. Neses feitos pasados houbo momentos de avance e outros nos que a evolución quedou estancada deixando paso a períodos de estabilidade e inmovilismo baixo distintas formas de goberno. A Historia axúdanos neste proceso de entendemento do pasado a comprender os motivos polos que a día de hoxe a distribución política, territorial e cultural de cada país é diferenciada. Tamén nos axuda a comprender os procesos que levaron ao establecemento de acordos entre os distintos Estados co obxectivo de fortalecer bloques económicos, políticos ou culturais.

A Historia do mundo contemporáneo, como período histórico diferenciado en occidente, aínda que con grandes matices en Oriente, convértese, xa que logo nun eixe vertebrador do entendemento dos procesos que trouxeron á nosa sociedade ata o momento no que se atopa na actualidade. É nese punto, na crise do Antigo Réxime, no que a materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO inicia o camiño para coñecer todos os elementos tanto políticos, coma culturais, étnicos ou raciais, que deron como produto o mundo no que vivimos.

A análise deste proceso histórico buscará ofrecer ferramentas de explicación, comprensión, aplicación, ampliación de coñecementos e interrelación co mundo actual que permitan unha análise pormenorizada do noso pasado buscando sempre o seu entendemento e evitando a súa xustificación para procurar acadar un método obxectivo no que desenvolver unha aprendizaxe significativa.

## 2. Xustificación

Esta programación busca a formulación de propostas didácticas adaptables ás complexas e cambiantes circunstancias nas que se desenvolve a acción educativa por medio dun proceso reflexivo e autónomo de toma de decisións para establecer un proceso de ensino-aprendizaxe de calidade, que actúe dentro da flexibilidade que debe ter para adaptarse ás diversas circunstancias que adoitan aparecer durante o seu desenvolvemento.

Isto implica que a programación sexa inicialmente unha estrutura de ordeación, temporalización e establecemento de competencias, obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe, metodoloxía didáctica e papel docente, entre outros, ao tempo que se expón como algo aberto, disposto a adaptarse e esquematizarse seguindo as necesidades do alumnado, da comunidade educativa e da contorna social, económica, cultural e xeográfica do centro.

Tamén é importante a adquisición e desenvolvemento de competencias sociais como a tolerancia, o sentido crítico, a apertura ao diálogo intercultural, o respecto, recoñecemento e aplicación dos dereitos humanos e o desenvolvemento das estratexias de aprendizaxe nun contexto de traballo compartido, interdisciplinar e integrador. Axústase, polo tanto, a preceptos e valores establecidos nos artigos 27 e

49 da *Constitución Española* de 1978 e no *Estatuto de Autonomía de Galicia* (*Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril*). Tamén ten como base a *Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación* e a súa reforma na *Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa* (no sucesivo, texto refundido da LOE) e o *Real Decreto-Lei 5/2016, de 9 de decembro, de medidas urxentes para a ampliación do calendario de implantación da Lei Orgánica 8/2013*, así como o *Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato* e a súa concreción na nosa Comunidade no *Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia*.

Igualmente, son referencia fundamental o *Decreto 7/1999, de 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias*, a *Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias* e a *Orde de 28 de xuño de 2010, pola que se modifica parcialmente a anterior*. Do mesmo xeito, terase como referente para a aplicación desta programación a *Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23*. Tamén, e como se indicará no apartado relativo á avaliación, tomarase como referencia a *Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato*. A restante lexislación vixente tratarase ao longo desta programación e está recollida no apartado 16. Bibliografía.

Partindo do establecido na lexislación referida elabóranse os documentos de centro, que ofrecen dinamismo á labor educativa. Destes ten especial importancia o **Proxecto Educativo**, que é unha proposta global e colectiva de actuación a longo prazo na que se insiren os elementos de identidade do centro, valorando a súa contorna social e cultural, os valores, coñecementos e habilidades que se procuran priorizar no alumnado ou a relación coas familias, entre outros. Con el, que é o segundo nivel de concreción curricular, establécese un primeiro nivel de toma de decisións, xa que é o documento base para a formulación dunha escola comprensiva. Nel inclúense documentos de acción común como son o **Plan de Atención á Diversidade** (*Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia*), o **Plan de Orientación Académica e Profesional** (*Decreto 120/1998, do 23 de abril, e o seu desenvolvemento na Orde de 24 de xullo de 1998*), o **Plan de Acción Titorial** (*Decreto 324/1996*), o **Plan de Convivencia** e as **Normas de Organización Funcionamento e Convivencia** (*Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar*), e o **Proxecto Lector** (concretado para cada curso no Plan Anual de Lectura), entre outros. De igual xeito, é salientable a súa concreción para cada curso na **Programación Xeral Anual**.

A nivel curricular, e centrándonos na acción docente, o noso primeiro referente é a concreción curricular do centro, inserida na Programación Xeral Anual. Dela deriva

a programación do noso departamento, que, ao mesmo tempo, é a base da programación didáctica que presentamos. Esta programación, como se establece na normativa vixente, debe ser elaborada polas xefaturas de departamento, aprobada no Claustro de Profesorado, avaliada pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e supervisada pola Inspección Educativa para cumprir coas propostas plantexadas na función educativa dun centro académico coma o noso.

Así, seguindo estes principios, atopámonos ante unha programación de aula que, a partir da programación didáctica do departamento e dos xa referidos documentos, quere propiciar un proceso educativo de calidade, equitativo, inclusivo, compensador das desigualdades e sólido para permitir a continuidade do proceso formativo ao longo da vida e, polo tanto, centrado no desenvolvemento integral da persoa. Partindo destas premisas, establecemos propostas metodolóxicas innovadoras, asentadas no marco legislativo vixente, na súa concreción documental de centro e na investigación-acción coas que queremos propiciar a reflexión alumnado sobre a contorna económica, social e cultural e a súa relación co mundo actual, así como os diferentes actores que participan nel. Este obxectivo tan amplo supón establecer procesos de ensino-aprendizaxe motivadores que propicien o desenvolvemento das súas múltiples intelixencias e atendan á súa diversidade creando espazos inclusivos de cooperación e convivencia. Polo tanto, estamos ante unha conceptualización educativa integral na que os coñecementos, habilidades e destrezas entrelázanse con elementos transversais de primeira orde como son: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional (*Decreto 86/2015*).

### 3. Datos do departamento

**Xefe de departamento:** Sergio López Vázquez

**Materias que se imparten dende o departamento:**

Grupo	Materia
2º da ESO	Xeografía e Historia
3º da ESO	Xeografía e Historia
4º da ESO	Xeografía e Historia Economía

### 4. Contextualización

#### a) Contexto

A implementación desta programación realizase no Centro Público Integrado de Cervantes. Este está ubicado en San Román de Cervantes, núcleo municipal do concello, nas proximidades da estrada LU-P-0702 que conecta a localidade co concello de Becerreá e dá acceso tamén á autoestrada A-6. O municipio atópase na área centro-oriental da provincia de Lugo e, cunha extensión de 276,4 km<sup>2</sup>, limita cos concellos de: Becerreá (LU) e As Nogais (LU), na área occidental; Navia de Suarna (LU), na setentrional; Candín (LE), Vega de Espinareda (LE) e Villafranca del Bierzo

(LE), na oriental; e Pedrafita do Cebreiro (LU), Vega de Valcarce (LE) e Balboa (LE), na área meridional. A súa poboación, segundo cifras do INE (2020) é de 1.294 habitantes, se ben a extensión do propio municipio (distribuído en 21 parroquias) dá lugar a que a densidade de poboación sexa moi baixa (5,15 hab/ km<sup>2</sup>) se se compara coa media galega e haxa un elevado grao de dispersión demográfica en pequenos núcleos rurais.

A economía deste municipio baséase principalmente no sector primario, que actúa como principal foco de emprego adicando a meirande parte dos seus recursos á produción gandeira. Tamén hai presenza do sector terciario, adicado principalmente aos servizos públicos, e unha presenza case inexistente do sector secundario. Esta distribución sectorial da actividade económica dá lugar a que a renda das familias sexa de tipo medio-baixo.

Nas inmediacións do centro, o concello dispón da área recreativa de San Román, un centro de saúde, a casa consistorial e unha oficina bancaria. Tamén é destacable a presenza espazos naturais e culturais de interese público como as pallozas do Piornedo, o museo Casa do Sesto, o castelo de Doiras, o castro de Santa María e a torre-fortaleza de Quindous.

## b) Centro

Estamos ante un CPI de titularidade pública de liña un no que se imparten as ensinanzas de Infantil, Primaria e Secundaria que se regula polo establecido no *Decreto 7/1999, de 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias, a Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias e a Orde de 28 de xuño de 2010, pola que se modifica parcialmente a anterior*. O seu horario é de 10.00 a 16.15 horas e conta coas 13 unidades que integran o conxunto das ensinanzas propias dun CPI de liña un. Se ben, en diversos grupos de infantil e de primaria, debido á escasa cifra de alumnado, hai agrupamentos.

Seguindo o establecido no *Real Decreto 132/2010, de 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que impartan as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil, a educación primaria e a educación secundaria e o Real Decreto 505/2007, de 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade e non discriminación das persoas con discapacidade para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados e edificacións* é un centro ben dotado de recursos físicos e materiais, pois todos eles dispóñense de xeito que garantan a accesibilidade de todo tipo de persoas, en especial daquelas que poidan presentar discapacidades motoras ou funcionais.

Dos plans e proxectos de Centro que desenvolven o principio de autonomía pedagóxica destaca o **Plan de Orientación Académica e Profesional**, que recolle a planificación xeral, a definición de accións prioritarias e estratexias de intervención do departamento de orientación, así como as medidas de atención á diversidade, concretadas no **Plan de Atención á Diversidade (PAD)**. Neste último analízase a realidade actual do centro, a determinación dos obxectivos a conseguir, as medidas que se levarán a cabo para atender a diversidade do alumnado e os recursos tanto humanos, como temporais, materiais e didácticos, que se adicarán a tal fin, así coma o procedemento de seguemento, avaliación e revisión do mesmo.

A correcta aplicación do PAD está vencellado co **Plan de Acción Tutorial** (texto refundido da LOE, art. 121), documento que especifica a organización e funcionamento das tutorías e que recolle as formas de integración e participación do alumnado no contexto escolar, o seguemento do seu proceso de ensinanza–aprendizaxe e a toma de decisións sobre o seu futuro académico e profesional.

No tocante aos principios democráticos de convivencia, así como á prevención e resolución pacífica de conflitos (texto refundido da LOE, capítulo I, art. 1), o Proxecto Educativo inclúe o **Plan de Convivencia** do centro, documento operativo que, en coordinación co establecido nas Normas de Organización Funcionamento e Convivencia, recolle a situación actual do centro, as necesidades e obxectivos, as normas de conduta e sancións derivadas do seu incumprimento, actuacións a desenvolver e proceso de seguemento e avaliación. Seguindo cos documentos que inclúe o PE, destacaremos tamén o **Proxecto lector**, que articula a medio prazo todas as actuacións do centro educativo destinadas ao fomento da lectura e a escritura e as habilidades informativas e a adquisición das competencias clave. Todos os documentos anteriormente mencionados forman parte do PE e precisan dunha concreción e revisión anual no marco da PXA. Xunto a eles aparecen outros de importancia como son o Plan de Autoprotección, Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega, o Programa de formación do profesorado no centro e outros programas de tipo específico nos que participa o centro.

### c) Aula

Esta programación de aula está destinada a un grupo de 2 discentes que cursan 4º da ESO con idades comprendidas entre os 15 e os 16 anos (un varón e unha muller). Todos teñen nacionalidade española e son residentes na localidade ou nos seus núcleos rurais. A súa lingua materna é o galego, se ben o emprego deste dispón das variedades dialectais propias da zona.

Trátase dun grupo cohesionado que compartiu os niveis e etapas anteriores. Este nivel de cohesión fai que haxa un alto grao de cooperación na convivencia entre o alumnado e non existan casos de conflictividade tanto dentro do grupo como con grupos doutros niveis. Existe nel un bo hábito de estudo, se ben algunhas das ferramentas de aprendizaxe aínda non están desenvolvidas de xeito eficiente, polo que no caso do estudo, por exemplo, segue a ser un grupo tendente á aprendizaxe mecánica no canto dunha comprensión completa dos contidos. No caso das competencias dixitais, o seu grao de desenvolvemento é moi positivo, mais isto non evita que sexa preciso achegar á aula as últimas novidades no relativo ás Tecnoloxías da Aprendizaxe e do Coñecemento para unha favorable actualización dos coñecementos neste eido.

Ao tratarse dunha materia propia de modalidade, o alumnado procede exclusivamente da área de Humanidades. O grupo presenta, ao mesmo tempo, hábitos lectores, de estudo e de aprendizaxe fóra do centro positivos, polo que a aprendizaxe dentro da aula vese acompañada dun interese polo coñecemento e a ampliación deste fóra do centro educativo.

Non se observa, en ningún caso, a necesidade, a partir dos informes previos, de aplicar medidas de atención á diversidade ordinarias ou extraordinarias, polo que enténdese como suficiente, a lo menos mentres así se considere e non haxa informes



que indiquen o contrario, o modelo de aplicación das ferramentas de aprendizaxe deseñado ordinariamente para esta materia.

## 5. Metodoloxía

### a) Características psicoevolutivas do alumnado

Partimos do momento de desenvolvemento tanto a nivel fisiolóxico, como psicolóxico e social. Seguindo as teses expostas por Piaget (1971), no aspecto cognitivo os discentes atópanse no estadio das «operacións intelectuais abstractas, da formación da personalidade e da inserción afectiva e intelectual na sociedade dos adultos». É dicir, trátase dun momento no que o seu desenvolvemento permítelles asumir novas habilidades e roles sociais e adquirir valores morais superiores. Isto contribuirá a desenvolver un modelo de aprendizaxe significativa na que o razoamento formal lles axude a enfocar un problema atendendo ás diversas hipóteses causais, procedimentais e de resolución sen descartar inicialmente aquelas que poidan ser alleas aos seus ámbitos de coñecemento.

### b) Principios e estratexias metodolóxicas

Tomando como referencia os aspectos sinalados con anterioridade, formularase unha metodoloxía de aprendizaxe que busque a interrelación de feitos e diversos aspectos propios da materia de Xeografía e Historia cos elementos transversais do proceso de ensinanza e aprendizaxe. Así, tomarase como referencia un modelo construtivista no que sexa o propio alumnado o que, a partir dun punto común de partida, procure fórmulas de resolución e de síntese dos coñecementos adquiridos ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe de xeito que esta estrutura de traballo lle axude a afrontar novos problemas, incógnitas ou retos que se lle presenten tanto no aspecto académico como no seu día a día dentro e fóra do centro.

Esta metodoloxía segue unha estrutura clara que conta de varios pasos: un primeiro no que se realizará unha revisión dos coñecementos previos e unha presentación dos novos contidos (avaliación inicial e método expositivo); un segundo momento no que se formulará unha pregunta sobre estes contidos co obxectivo de que sexa o alumnado o que ofrezca unha resposta (método interrogativo); un terceiro no que os e as discentes, de xeito individual ou en grupo, deberán empregar recursos dixitais e analóxicos para procurar unha resposta á pregunta ou preguntas formuladas (proceso investigativo); un cuarto no que se realizará unha análise da información recollida e se contrastará a fiabilidade das diversas fontes (proceso comprensivo); un quinto no que a información obtida, sintetizada e reelaborada co obxectivo de facela comprensible será exposta ao resto do alumnado por parte de cada un ou cada unha das discentes (método expositivo); e un sexto no que o persoal docente da materia recopilará a información recollida e ampliará aquela que considere que non foi analizada en profundidade (método recolectivo e de ampliación). Esta metodoloxía implica un proceso de aprendizaxe activa que fomenta a autonomía investigadora, analítica e sintética do alumnado, mais a súa aplicación non será ríxida, senón que se irá adaptando aos distintos ritmos de aprendizaxe e afondará naqueles aspectos que se consideren que non se están a desenvolver favorablemente.

Do mesmo xeito, a aplicación desta metodoloxía estará combinada con distintas modalidades de agrupamento na aula e aproveitamento dos recursos materiais e humanos do centro, polo que poderanse dividir os distintos procesos en grupos nos que o alumnado se especialice nunha tarefa concreta.

De xeito paralelo, haberá un alto grao de implicación do persoal docente nas tarefas de supervisión e titorización dos diversos procesos co obxectivo de garantir que estes sexan significativos. Con este fin, empregaranse diversas ferramentas de valoración e avaliación da metodoloxía e da eficacia dos propios materiais utilizados (explicados no punto «14. Avaliación e promoción»).

Para apoiar estas tarefas, deseñárase tamén un blog de aula no que, de xeito transversal coas materias do departamento e respectando sempre a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal, (LOPD), se expoñan os traballos realizados polo alumnado co obxectivo de favorecer o seu coñecemento por parte do resto de educandos e que se fomenten a competencia dixital e a competencia en comunicación lingüística do grupo-aula.

### **c) Actividades de ensinanza e aprendizaxe**

As actividades de ensinanza e aprendizaxe formuladas ao longo do curso terán como base común o obxectivo de fomentar a autonomía na aprendizaxe do alumnado. Estas se presentarán en grao crecente de dificultade para propiciar un proceso de aprendizaxe evolutiva e adaptaranse aos diversos procesos e ritmos que presente o alumnado. A súa formulación partirá das propias actividades plantexadas nos materiais de apoio empregados para a materia, das actividades propostas polo persoal docente, dos proxectos transversais desenvolvidos polo centro educativo e, sempre que se considere de interese para o proceso de ensinanza aprendizaxe, das propostas realizadas polo alumnado. En calquera caso, a súa estrutura diferenciarase entre actividades de iniciación, de desenvolvemento, de consolidación, de apoio ou reforzo, de ampliación, de avaliación e, nos casos nos que sexa preciso, de recuperación.

Tamén se formularán actividades complementarias a realizar dentro das instalacións do centro ou na contorna próxima. Estas actividades buscarán, en calquera caso, a interdisciplinabilidade entre departamentos e a interrelación, na medida do posible, con outros niveis educativos. Serán actividades nas que se procurará sempre o desenvolvemento dos elementos transversais do currículo, tanto desde a propia materia de Xeografía e Historia como de todas aquelas que participen nelas.

### **d) Modalidades de agrupamento**

A cooperación, solidariedade e a relación entre iguais son unha base fundamental para o noso centro. É por isto que a metodoloxía empregada procurará modalidades de agrupamento que favorezan a creación de grupos equilibrados, coordinados entre sí e que sigan unha pauta de traballo colaborativa co obxectivo de que o proceso de ensinanza e aprendizaxe non se formule como algo exclusivamente individual, senón como un proceso no que todo o alumnado participe e as capacidades de cada participante no grupo complementen as dificultades dos e das demais integrantes. É dicir, o agrupamento será flexible e adaptado tanto ás necesidades da actividade proposta como, sobre todo, ás necesidades e á diversidade do alumnado.

Procurarase, polo tanto, un modelo de aprendizaxe colaborativa na que todos e todas favorezan o crecemento cognitivo e procedimental do resto de persoas participantes.

### e) Recursos didácticos e curriculares

Os recursos dos que se fará uso ao longo da implementación deste documento son:

- Recursos humanos: alumnado, persoal do departamento, persoal docente do centro, equipo directivo, Departamento de Orientación e familias. Tamén se poderá acoder a persoal alleo ao centro que, sempre coa autorización do equipo directivo e do Claustro de Profesorado, se considere que pode contribuir ao proceso de ensinanza e aprendizaxe participando nunha ponencia ou nun simposio sobre cuestións relativas á materia de Xeografía e Historia.
- Recursos materiais: empregaranse como base contextual do coñecemento os apuntamentos do docente, recursos bibliográficos propios do departamento, do equipo docente ou da biblioteca de centro, materiais autoeditados, recursos audiovisuais, recursos tecnolóxicos como a pizarra dixital, a aula de Tecnoloxía e, cando sexa preciso, poderanse empregar tamén os recursos dos que dispoñen os espazos de uso común alleos á propia aula ou aulas nas que se desenvolven as actividades e que se atopan dentro do centro.
- Recursos do contexto: buscarase con eles dar practicidade aos coñecementos abordados na aula aplicándoos á contorna socioeconómica, cultural, xeográfica ou política do noso centro. Estes recursos serán a paisaxe, o patrimonio local, galego e nacional, a contorna económica e empresarial do noso territorio e os distintos elementos que compoñen a nosa cultura dende un punto de vista artístico, xeográfico e histórico. Terán especial importancia para esta materia, polo tanto, museos etnográficos, históricos, científicos e artísticos así como exposicións temporais ou estruturas económicas da nosa contorna. O seu coñecemento plantexarase como unha saída educativa do centro e procurará, sempre que sexa posible, unha formulación interdisciplinar con outras materias.

## 6. Competencias clave

Podemos definir «competencias» como as «capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos» (D. 86/2015). Desde o punto de vista educativo, seguindo a *Recomendación 2006/962/EC, do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente*, destaca a importancia de establecer os medios para desenvolver e alcanzar no alumnado unha serie de competencias clave durante a súa formación educativa obrigatoria, para poder, despois, desenvolve-las ao longo da vida. As competencias clave son sete: Competencia en Comunicación lingüística, Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, Competencia dixital, Aprender a aprender, Competencias sociais e cívicas, Sentido de iniciativa e espírito emprendedor e Conciencia e expresións culturais.

O seu tratamento e desenvolvemento é obrigatorio, potenciando de xeito integral o desenvolvemento das competencias en Comunicación lingüística e a Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. De igual xeito, a *Orde ECD/65/2015, de 21 de enero, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato* pon en relación as competencias cos elementos curriculares de primeira orde que se desenvolverán na programación.

A materia de Xeografía e Historia favorece o desenvolvemento da Comunicación lingüística por medio do coñecemento e uso correcto do vocabulario específico da materia ao empregar diferentes variantes do relato narrativo, argumentativo, descriptivo ou informativo. A lectura e interpretación de textos favorece a comprensión da contorna literaria, así como o proceso de busca e relación de fontes. A Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía terán un peso fundamental na análise de conceptos estatísticos, gráficas, estudos porcentuais, desenvolvemento de diagramas ou desenvolvemento de eixes cronolóxicos. Con todos eles contribuiremos a unha aplicación conxunta da análise e comprensión da materia xunto ao desenvolvemento práctico dos feitos matemáticos aplicados a contextos e situacións reais.

A Competencia dixital desenvólvese ao traballar coa información procedente de moi diversas fontes dispoñibles na rede primando os recursos procedentes dos medios de comunicación, que deben ser analizados con sentido crítico para contrastar a súa fiabilidade. Estes requiren de coñecementos, habilidades e destrezas que contribúan a formas de relación seguras e reflexivas nunha contorna dixital e que ao mesmo tempo permitan o seu tratamento en diferentes formatos e soportes. Falamos así das Tecnoloxías da Relación, Información e Comunicación (TRIC) (Gabelas, J. A., Marta, C., e Aranda, D., 2012) concebidas dende o punto de vista educativo como Tecnoloxías para a Aprendizaxe e o Coñecemento (TAC).

Trabállase a Competencia en aprender a aprender ao fomentar o gusto polo coñecemento do patrimonio material e inmaterial dos pobos incluíndo neste o estudo evolutivo do espazo. É dicir, referímonos a apropiación identitaria que nos capacite para analizar e interpretar os fenómenos xeográficos, históricos, artísticos e sociais como resposta aos desafíos actuais.

O tratamento das Competencias sociais e cívicas nesta materia realízase cando interpretamos e damos resposta a situacións problemáticas de xeito cooperativo, tolerante e non discriminatorio respectando aos demais desde as súas potencialidades. Isto permite a comprensión da realidade como un entorno de cambio que conleva o respecto das distintas realidades propias e alleas. Trátase de tomar consciencia da importancia dos procesos sociais interculturais.

A Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor desenvólvese ao planificar, elaborar e presentar os obxectos de aprendizaxe, as situacións problemáticas e o estudo asumindo riscos, tomando decisións e trasladando estas destrezas e habilidades a diferentes contextos e situacións. Trátase de autorregular a aprendizaxe e adquirir responsabilidade tanto a nivel académico como social.

A Xeografía e Historia é fundamental para o desenvolvemento da Conciencia e expresións culturais, pois procura no alumnado o aprezo polos valores patrimoniais (culturais, artísticos, xeográficos e etnográficos) e crear un espírito crítico construtivo cara a súa valoración e conservación. Estas aptitudes e actitudes para o estudo e a

análise permitirán establecer e comprender a súa relación entre estas e as sociedades que as crean.

## 7. Obxectivos

Os obxectivos débense entender como referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin (*Decreto 86/2015*). Estes contribuirán a analizar o progreso alcanzado por cada discente e que aspectos se deben reforzar co grupo para acadar un desenvolvemento integral. Para a Educación Secundaria Obrigatoria, os obxectivos de etapa da nosa Comunidade veñen recollidos no *Decreto 86/2015* son os seguintes:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e

homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### Obxectivos específicos

Tendo como referencia os obxectivos recollidos con anterioridade por ser comúns a toda a etapa de Educación Secundaria Obrigatoria e os únicos referenciados no currículo establecido polo *Decreto 86/2015*, é preciso establecer tamén uns obxectivos didácticos da materia de Xeografía e Historia para o curso de referencia. Estes obxectivos aparecen referenciados en cada unidade de xeito que a súa interrelación cos contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e indicadores de logro dispoña dunha contextualización suficiente para comprendelos. Enténdese, polo tanto, que a súa formulación no é algo illado, senón que están necesariamente vencellados aos elementos prescriptivos establecidos no currículo desta materia.

## 8. Contidos

Referímonos aos contidos cando falamos do «conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias» (*Decreto 86/2015*). É dicir, son o obxecto do proceso de ensinanza e aprendizaxe que actúa como un medio para conseguir os obxectivos propostos. Ao longo do desenvolvemento das unidades didácticas trátanse estes contidos en relación cos estándares de aprendizaxe establecidos para esta materia. Estes contidos establecidos oficialmente para Xeografía e Historia en 4º da ESO son os seguintes:

### **Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789**

B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia.

B1.2. Ilustración.

B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.

### **Bloque 2. A era das revolucións liberais**

B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.

B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español.

### **Bloque 3. A Revolución Industrial**

B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible.

B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa.

B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización).

B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso?

B3.5. A ciencia no século XIX.

### **Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial**

B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto.

B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias.

B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial.

B4.4. Revolución Rusa.

B4.5. A arte no século XIX

### **Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)**

B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crac do 29 e a Gran Depresión.

B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.

B5.3. II República española e a Guerra Civil.

### **Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)**

B6.1. Orixes da II Guerra Mundial.

B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias.

B6.3. O Holocausto.

B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fría e plans de reconstrución posbélica.

B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.

### **Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético**

B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State".

B7.2. Crise do petróleo (1973).

B7.3. Ditadura de Franco en España.

### **Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI**

- B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo.
- B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias.
- B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).
- B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional.

### **Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI**

- B9.1. A globalización económica: concepto e características.
- B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.
- B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.

### **Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía**

- B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía.
- B10.2. Cambio e continuidade.
- B10.3. Tempo histórico.
- B10.4. Vocabulario histórico e artístico: Idade Contemporánea.

## **9. Criterios de avaliación**

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado, pois describen aquilo que se quere valorar e que os discentes deben lograr, tanto en coñecementos coma en competencias, e que se concretan en estándares de aprendizaxe avaliábeis. Estes estándares permiten determinar o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada asignatura (*Decreto 86/2015*). Criterios e estándares forman parte dos elementos prescriptivos do currículo, dan resposta a «que avaliar» ao longo do curso académico e sérvennos como indicadores da evolución da aprendizaxe do alumnado. Son unha axuda para valorar os desaxustes e necesidades detectadas e permiten tamén ao docente valorar a adecuación das estratexias de ensinanza deseñadas ao contexto educativo no que desenvolve a súa actividade. Estes criterios e estándares deben ser coñecidos polo alumnado, polo que ademais do seu carácter público, os mesmos, secuenciados en unidades didácticas, serán dados a coñecer polo docente ao comezo de cada unidade didáctica.

Seguindo o Decreto 86/2015 os **criterios de avaliación** establecidos para 4º da ESO na asignatura de Xeografía e Historia son:

#### **Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789**

- B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico.
- B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América.
- B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.

#### **Bloque 2. A era das revolucións liberais**



B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.

B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.

### **Bloque 3. A Revolución Industrial**

B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal.

B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios.

B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo.

B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país.

B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais

### **Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial**

B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX.

B4.2. Establecer xerarquías causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo.

B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles.

B4.4. Esquematizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa.

B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo, en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.

### **Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)**

B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época.

B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.

B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil.

### **Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)**

B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial.

B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total.

B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.

B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fría no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.

B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.

### **Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético**

B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa.

B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto.

B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esta ditadura desde 1939 a 1975.

### **Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI**

B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial.

B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do colapso da URSS e outros réximes socialistas.

B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar distintas interpretacións sobre ese proceso.

B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea.

### **Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI**

B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores.

B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.

B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.

### **Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía**

B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.

B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.

B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).

B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.

Do mesmo xeito, os **estándares de aprendizaxe** que se establecen oficialmente no Decreto 86/2015 para a asignatura de Xeografía e Historia en 4º da ESO son:

### **Bloque 1. O século XVIII en Europa ata 1789**

XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo.

XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración.

XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgúñas monarquías.

XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.

XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.

### **Bloque 2. A era das revolucións liberais**

XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.

XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.

XHB2.2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras.

XHB2.2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras.

XHB2.2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes.

### **Bloque 3. A Revolución Industrial**

XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra.

XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas.

XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos.

XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais.

XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España.

XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

### **Bloque 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial**

XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influirá na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais.

XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización.

XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914.

XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.

- XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.
- XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.
- XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.
- XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.
- XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.

### **Bloque 5. A época de entreguerras (1919-1945)**

- XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia.
- XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008.
- XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller.
- XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.
- XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas.
- XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

### **Bloque 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)**

- XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas).
- XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito.
- XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial.
- XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos.
- XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.
- XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fría.
- XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.
- XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador.
- XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsahariana (anos 50 e 60) e a India (1947).

### **Bloque 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético**

- XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa.
- XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado.
- XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008.
- XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco.

XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica.

### **Bloque 8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI**

XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época

XHB8.1.2. Comprende os proles e contras do estado do benestar.

XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS.

XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición española nos anos setenta do século XX e na actualidade.

XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fitos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.

XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.): a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.

XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro.

### **Bloque 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI**

XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgún sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra.

XHB9.1.2. Elaboración de discusións sobre o eurocentrismo e a globalización.

XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.

XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflitivo das condicións sociais do proceso de globalización.

### **Bloque 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía**

XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúns consecuencias do quecemento global, como o desxeamento do Báltico.

XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI.

XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI.

XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.

XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.

XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

## 10. Atención á diversidade e alumnado con NEAE

O tratamento da diversidade é un dos núcleos centrais da labor docente, pois supón axustarse a unha realidade evidente na nosa contorna e precisa dunha atención específica para garantir un proceso de ensinanza-aprendizaxe individualizado. Seguindo o establecido *Ley Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación*, o equipo docente debe traballar todas as ferramentas e canais precisos para atender as demandas da sociedade e garantir o dereito á educación recoñecido legalmente. Non consiste, polo tanto, en que o alumnado se adapte ás condicións específicas do proceso educativo, senón en que a metodoloxía e a estratexia docente realice os axustes necesarios para progresar no proceso de ensinanza e aprendizaxe adaptándose ás necesidades e capacidades persoais.

Para abordar este aspecto, será imprescindible que o equipo docente teña como referencia o Plan de Atención á Diversidade, no que se recollen as medidas previstas para un bo funcionamento neste eido. Nel aparecerán reflectidas as ferramentas deseñadas con tal fin de carácter organizativo e metodolóxico como son: agrupamentos flexibles, desdoblamento de grupos, oferta de materias específicas, plans de mellora, recuperación e específicos, o reforzo educativo, os programas de mellora da aprendizaxe e o rendemento, e as adaptacións curriculares de carácter significativo e non significativo. Destacaremos entre elas as medidas ordinarias de atención á diversidade (entre as que son salientables as medidas de reforzo educativo para discentes con dificultades de aprendizaxe ordinaria). Tamén haberá que observar, cando así se precise, o establecemento de medidas extraordinarias de atención á diversidade como son as Adaptacións Curriculares Individualizadas Significativas.

No grupo de referencia, partindo dos informes previos de cursos anteriores, non se dan situacións concretas nas que haxa que aplicar medidas de atención á diversidade na materia de Xeografía e Historia. No caso de que fose necesario, deseñaríanse as medidas oportunas en coordinación co Equipo de Orientación, a persoa titora e o Equipo Directivo, así como as respectivas persoas titoras do ou da discente.

## 11. Unidades didácticas

As unidades didácticas propias da materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO serán desenvolvidas en 104 sesións ao longo do curso tendo sempre en conta a súa apertura a cambios e a flexibilidade das mesmas. Para a temporalización, seguirase o calendario escolar do curso 2022/2023 establecido na *Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*, a *Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* e a *Resolución do 10 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá*

*publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2022 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. Tamén se tomará como referencia a Resolución do 24 de outubro de 2022, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2023 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Avaliación	Bloque	Unidade	Temporalización
1ª		<i>Avaliación inicial</i>	1 sesión
	B1	1. A crise do Antigo Réxime	6 sesións
	B2 e B10	2. Revolucións liberais e nacionalismos	10 sesións
	B3	3. A Revolución Industrial e os cambios sociais	10 sesións
	B4 e B10	4. España no século XIX	11 sesións
2ª	B4	5. Imperialismo, guerra e revolución	8 sesións
	B5	6. O mundo de entreguerras	9 sesións
	B6	7. A II Guerra Mundial	8 sesións
	B5	8. España: da crise do 98 á Guerra Civil	8 sesións
	B6	9. A Guerra Fría	8 sesións
3ª	B6	10. A descolonización e o Terceiro Mundo	7 sesións
	B7, B8 e B9	11. O mundo desde 1945 ata a actualidade	7 sesións
	B7 e B8	12. España: da ditadura á democracia	5 sesións
	B9	13. Os cambios tecnolóxicos dos séculos XX e XXI	5 sesións
	B10	14. Actualidade e procesos históricos	4 sesións

Aínda que cada unidade didáctica está plantexada para desenvolverse nun número concreto de sesións, conta cun carácter flexible para se adaptar a calquera circunstancia ou necesidade que se poida presentar. Na súa aplicación enúncianse: obxectivos, competencias, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e sinálanse tamén os indicadores de logro que nos servirán como docentes para a práctica avaliadora.

## Unidade 1. A crise do Antigo Réxime

Bloque: 1. O século XVII en Europa ata 1789		Temporalización	
		Mes setembro	Sesións 6
<p><b>Descrición e xustificación:</b> partindo dos coñecementos analizados nos niveis anteriores, nesta unidade realízase un repaso dos modelos absolutistas implantados en Europa con anterioridade ao comezo do século XVIII, analízase a difícil situación de España tras a morte de Carlos II e faise unha análise das ideas ilustradas e a súa influencia na sociedade e nos gobernos da época poñéndose en relación cos principios ilustrados que se manteñen presentes nas sociedades actuais.</p>			
<p><b>Obxectivos de etapa</b> a, c, d, f, g, h, l, n, ñ</p>	<p><b>Obxectivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Diferenciar as características dos reximes absolutistas e do Parlamentarismo.</li> <li>2. Analizar as características da Ilustración.</li> <li>3. Recoñecer a tres dos principais autores do período da Ilustración.</li> <li>4. Identificar as etapas e motivos da guerra de Sucesión en España.</li> <li>5. Analizar a influencia da Ilustración na monarquía española.</li> <li>6. Avaliar o peso das ideas ilustradas na aparición de novas correntes e avances científicos.</li> </ol>		
<p><b>Contidos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. O Antigo Réxime.</li> <li>2. As formas de goberno a comezos do século XVIII.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. A Ilustración e a crítica do Antigo Réxime</li> <li>4. A guerra de Sucesión.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>5. O despotismo ilustrado en España.</li> <li>6. Galicia no século XVIII.</li> </ol>	
<p><b>Contidos</b></p> <p>B1.1. Século XVIII en Europa: do feudalismo ao absolutismo e o parlamentarismo das minorías. Francia, Inglaterra, España e Galicia. B1.2. Ilustración. B1.3. Arte e ciencia en Europa no século XVIII.</p>	<p><b>Criterios de avaliación</b></p> <p>B1.1. Explicar as características do Antigo Réxime nos seus sentidos político, social e económico. B1.2. Coñecer o alcance da Ilustración como novo movemento cultural e social en Europa e en América. B1.3. Coñecer os avances da Revolución Científica desde os séculos XVII e XVIII.</p>	<p><b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles</b></p> <p>XHB1.1.1. Establece, a través da análise de textos, a diferenza entre o Absolutismo e o Parlamentarismo. XHB1.1.2. Distingue conceptos históricos como Antigo Réxime e Ilustración. XHB1.2.1. Describe as características da cultura da Ilustración e as implicacións que ten nalgunhas monarquías. XHB1.3.1. Aprecia os avances científicos e a súa aplicación á vida diaria, e contextualiza o papel dos científicos na súa propia época.</p>	



	XHB1.3.2. Comprende as implicacións do empiricismo e o método científico nunha variedade de áreas.
--	--

### Indicadores de logro

Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grafo mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos						Elementos transversais														
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Ops. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV						
XHB1.1.1.	CSC CAA CCL	Analiza tres textos de autores ilustrados recoñecendo as diferencias que establecen entre o modelo democrático parlamentario e o modelo absolutista.	80%	20%		30%	30%	40%		20%					10%		X							X	
XHB1.1.2.	CSC CAA CCL	Recoñece as características básicas do Antigo Réxime e as novidades que introduce a Ilustración.	80%	20%	30%			60%							10%		X			X					X
XHB1.2.1.	CSC CCEC CCL	Analiza as consecuencias que provocou a irrupción das ideas ilustradas en Francia e en Estados Unidos.	90%	30%	30%	40%	20%								10%		X			X	X				
XHB1.3.1.	CSC CMCCT CAA	Identifica os avances científicos que se produciron en Europa durante o século XVIII.	70%	10%	10%		70%			10%					10%		X			X			X		
XHB1.3.2.	CSC CMCCT	Relaciona os avances científicos do século XVIII coa irrupción das ideas ilustradas e co uso de elementos divulgativos como a Enciclopedia.	80%	20%	30%	20%	30%								10%	10%	X			X	X	X			

### Unidade 2. Revolucións liberais e nacionalismos

Bloque: 2. A era das revolucións liberais	Temporalización		Sesiões
	Mes		
10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da	outubro		10

<p>historia e a xeografía</p> <p>4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial</p>		
<p><b>Descrición e xustificación:</b> a unidade procura un achegamento aos principais conflitos que se viviron en Europa e en Norteamérica durante o século XVIII. Con ese obxectivo, analízase inicialmente a Revolución Americana e as causas e consecuencias desta tanto para as trece colonias americanas como para Europa. Tamén se observa o proceso de cambio que viviu Francia durante a Revolución iniciada en 1789, as consecuencias sociais, a implantación do modelo imperial de Napoleón e as vías para a Restauración, así como os procesos revolucionarios posteriores. Os nacionalismos e os procesos unificadores poñeranse en relación non só con procesos históricos, senón tamén coas actuais vagas nacionalistas co obxectivo de comprender as bases dos seus plantexamentos.</p>		
<p><b>Obxectivos de etapa</b></p> <p>a, c, d, f, g, h, i, ñ</p>	<p><b>Obxectivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recoñecer as principais etapas e motivos da Revolución Americana.</li> <li>2. Identificar distintos tipos de fontes útiles na tarefa do historiador.</li> <li>3. Diferenciar as distintas etapas da Revolución Francesa e os seus protagonistas.</li> <li>4. Analizar a figura de Napoleón e os seus obxectivos imperialistas.</li> <li>5. Valorar a influencia do Congreso de Viena na formación de novas unidades nacionais como Italia ou Alemaña.</li> <li>6. Analizar os motivos polos que se producen as distintas vagas revolucionarias do século XIX.</li> <li>7. Recoñecer as consecuencias que a aplicación da violencia ten na sociedade e na identidade política dos pobos.</li> <li>8. Entender a convivencia de distintas culturas no tempo.</li> </ol>	
<p><b>Contidos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A Revolución Americana.</li> <li>2. O comezo da Revolución francesa.</li> <li>3. A radicalización da Revolución.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>4. A Europa napoleónica.</li> <li>5. A Restauración.</li> <li>6. Novas ondas revolucionarias.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>7. Os nacionalismos. A unificación de Italia.</li> <li>8. A unificación de Alemaña.</li> </ol>
<p><b>Contidos</b></p> <p>B2.1. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: bases ideolóxicas (liberalismo, nacionalismo e rexionalismo), económicas e sociais; principais consecuencias.</p> <p>B2.2. Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: periodización e feitos principais. Restauración. Procesos unificadores e independentistas. O caso español</p>	<p><b>Criterios de avaliación</b></p> <p>B2.1. Comprender o alcance e as limitacións dos procesos revolucionarios dos séculos XVIII e XIX.</p> <p>B2.2. Identificar os principais feitos das revolucións liberais burguesas en Europa e América nos séculos XVIII e XIX.</p> <p>B10.3. Entender que os acontecementos e os procesos</p>	<p><b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles</b></p> <p>XHB2.1.1. Sopesa as razóns dos revolucionarios para actuar como o fixeron.</p> <p>XHB2.1.2. Recoñece, mediante a análise de fontes de diversas épocas, o valor destas non só como información senón tamén como evidencia para os/as historiadores/as.</p>

B10.3. Tempo histórico.	ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronia e sincronía).	XHB2.1. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas da primeira metade do século XIX, acudindo a explicacións causais, e sinala os proles e os contras. XHB2.2. Redacta unha narrativa sintética cos principais feitos dalgunha das revolucións burguesas do século XVIII, acudindo a explicacións causais, e indica os proles e os contras. XHB2.3. Discute as implicacións da violencia empregando diversos tipos de fontes. XHB10.3.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
-------------------------	---	--

### Indicadores de logro

Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos						Elementos transversais												
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rub.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV				
XHB2.1.1.	CSC CAA CCL	Analiza a influencia das ideas nacionalistas, liberais e ilustradas no espallamento das revolucións liberais por Europa.	80%	25%	20%	60%				10%	10%		X										
XHB2.1.2.	CSC CAA CCL	Recoñece o peso das revolucións no pensamento e na divulgación historiográfica dos séculos XIX e XX.	70%	10%	20%	50%	100%			10%	10%		X										
XHB2.2.1.	CSC CAA CCL	Elabora un texto no que recopile os feitos que levaron ao pronunciamento de Rafael del Riego en España en 1820.	50%	15%		20%	70%					10%		X									
XHB2.2.2.	CSC CAA CCL	Relaciona nun texto o desenvolvemento das ideas ilustradas en Francia no século XVIII coa aprobación da Constitución de 1812 en España.	60%	15%		20%	60%			10%	10%		X										
XHB2.2.3.	CSC CAA CCL	Analiza os resultados que a aplicación da violencia tivo en Francia, España e Italia a finais do século XVIII e	60%	10%	20%	20%	50%					10%			X								

		comezos do século XIX.																				
XHB10.3.1.	CSC CMCCT	Relaciona os movementos nacionalistas que se deron en Alemaña e en Italia durante o século XIX.	80%	20%	40%	20%	20%					10%	10%	X						X	X	X

### Unidade 3. A Revolución Industrial e os cambios sociais

Bloque: 3. A Revolución Industrial		Temporalización	
		Mes	Sesións
<p><b>Descrición e xustificación:</b> realízase nesta unidade un aprofundamento no proceso industrializador iniciado en Gran Bretaña tendo en conta os motivos, os seus protagonistas, os modelos empresariais desenvolvidos de xeito paralelo e as súas consecuencias tanto no século XIX como no século XX. Se fai especial fincapé nos grandes inventos dos séculos XIX e XX poñéndoos en relación coas tecnoloxías e instrumentos de intervención mecánica e produción industrial que se empregan na actualidade. Tamén se aborda o modelo de sociedade de clases que naceu a partir da Revolución Industrial e os distintos movementos obreiros e políticos que actuaron como xerme das actuais correntes políticas e dos modelos de relación sociolaboral.</p>		outubro	10
		<p><b>Obxectivos de etapa</b> a, c, d, f, g, h, l, m, ñ</p>	
<p><b>Obxectivos de etapa</b> a, c, d, f, g, h, l, m, ñ</p>		<p><b>Obxectivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar os elementos que favoreceron o inicio da Revolución Industrial.</li> <li>2. Recoñecer as consecuencias que para a sociedade, a economía e o desenvolvemento empresarial tivo a l Revolución Industrial en Inglaterra e en Europa.</li> <li>3. Analizar a expansión da Revolución Industrial por Europa e os motivos que levaron a que esta fose desigual por países.</li> <li>4. Comparar o proceso de industrialización en Inglaterra, nos países nórdicos, nos países mediterráneos e en Estados Unidos.</li> <li>5. Elaborar un eixe cronolóxico cos principais protagonistas, tanto empresariais como culturais ou políticos, e inventos que tiveron lugar ao longo do século XIX e comezos do século XX.</li> </ol>	
<p><b>Contidos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. A orixe da Revolución Industrial.</li> <li>2. A Primeira Revolución Industrial.</li> <li>3. A revolución dos transportes.</li> </ol>		<ol style="list-style-type: none"> <li>4. A Segunda Revolución Industrial.</li> <li>5. A expansión da Revolución Industrial.</li> <li>6. Os efectos da industrialización na poboación</li> <li>7. A sociedade de clases.</li> <li>8. O nacemento do movemento obreiro.</li> </ol>	

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeles
B3.1. Revolución Industrial: concepto; factores económicos, sociais e ideolóxicos que a fan posible. B3.2. Revolución Industrial: desde Gran Bretaña ao resto de Europa. B3.3. Consecuencias da Revolución Industrial. Movemento obreiro (orixes, ideoloxías e formas de organización). B3.5. A ciencia no século XIX.	B3.1. Describir os feitos salientables da Revolución Industrial e o seu encadeamento causal. B3.2. Analizar as vantaxes e os inconvenientes de ser un país pioneiro nos cambios. B3.3. Entender o concepto de progreso, e os sacrificios e os avances que leva consigo. B3.5. Coñecer os principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX, e a súa relación coas revolucións industriais	XHB3.1.1. Analiza os proles e os contras da primeira Revolución Industrial en Inglaterra. XHB3.2.1. Analiza e compara a industrialización de diferentes países de Europa, América e Asia, nas súas distintas escalas temporais e xeográficas. XHB3.2.1. Compara o proceso de industrialización en Inglaterra e nos países nórdicos. XHB3.3.1. Explica a situación laboral feminina e infantil nas cidades industriais. XHB3.5.1. Elabora un eixe cronolóxico, diacrónico e sincrónico, cos principais avances científicos e tecnolóxicos do século XIX.

### Indicadores de logro

Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos						Elementos transversais							
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV
XHB3.1.1.	CSC CAA CCL	Analiza as causas e consecuencias da I Revolución Industrial en Inglaterra.	80%	30%	30%	20%	40%					10%	X	X	X	X		
XHB3.2.1.	CSC CAA CCL	Compara a industrialización vivida en Gran Bretaña coa experimentada nos Países Baixos, en Francia, en España, en Estados Unidos e en Xapón.	70%	20%	10%	70%	10%					10%	X		X	X		
XHB3.2.1.	CSC CAA CCL	Relaciona a industrialización dos Países Baixos co fluxo comercial que se produciu entre estes e Gran Bretaña.	70%	15%	20%	70%						10%		X	X	X		
XHB3.3.1.	CSC CSIEE CCL	Elabora un texto no que se recollen as condicións sociolaborais dos traballadores e traballadoras das grandes industrias británicas durante o século XIX.	90%	25%		50%					15%	10%	X	X	X	X		

XHB3.5.1.	CSC CAA CMCCT	Relaciona, mediante un eixe cronolóxico, os avances industriais vividos en Europa coa aparición de avances tecnolóxicos que deron resposta ás necesidades da industria.	90%	10%	40%	40%	10%	10%	X	X	X	X			
-----------	---------------------	---	-----	-----	-----	-----	-----	-----	---	---	---	---	--	--	--

### Unidade 4. España no século XIX

Bloque: 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial	Temporalización						Sesións
	Mes						
10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía	novembro/dецembro						11
<p><b>Descrición e xustificación:</b> a unidade procura ter un coñecemento en profundidade dos distintos procesos políticos e sociais que viviu España durante o século XIX así como o convulso panorama sociocultural que viviron as monarquías españolas no contexto dunha Europa de cambios. Afóndase nos principais protagonistas e as motivacións das súas accións de goberno así como nos axentes externos, procedentes das colonias, que influíron na evolución política do país.</p>							
<p><b>Obxectivos de etapa</b></p> <p>h, l, ñ</p>	<p><b>Obxectivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Analizar os motivos, protagonistas e indicadores culturais que favoreceron a Guerra de Independencia en España.</li> <li>2. Relacionar as ideas democráticas expostas na Constitución de 1812 coas da Constitución de 1978.</li> <li>3. Identificar as distintas etapas e tendencias políticas do reinado de Fernando VII.</li> <li>4. Recoñecer as causas polas que as colonias iniciaron a súa independencia.</li> <li>5. Elaborar un eixe cronolóxico cos distintos períodos histórico-políticos que viviu España durante o século XIX.</li> <li>6. Empregar con fluidez o vocabulario aplicado ao longo desta unidade e das anteriores.</li> <li>7. Recoñecer as transformacións sociais que viviu España durante o século XIX.</li> <li>8. Analizar a situación que viviu Galicia no século XIX como punto de partida para a entrada no século XX.</li> </ol>						
<p><b>Contidos didácticos</b></p> <p>1. A guerra de independencia.</p>		<p>4. A Independencia das colonias.</p>				<p>7. A Restauración.</p>	

2. As Cortes de Cádiz. 3. O reinado de Fernando VII.	5. Isabel II e a construción do Estado liberal. 6. O Sexenio democrático.	8. As transformacións sociais. 9. Galicia no século XIX.
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b>
B3.4. Discusión en torno ás características da industrialización en España e Galicia: éxito ou fracaso? B10.4. Vocabulario histórico e artístico: idade Contemporánea.	B3.4. Analizar a evolución dos cambios económicos en España e en Galicia, a raíz da industrialización parcial do país. B10.4. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.	XHB3.4.1. Especifica algunhas repercusións políticas como consecuencia dos cambios económicos en España. XHB10.4.1. Utiliza con fluidez e precisión o vocabulario histórico e artístico necesario.

Indicadores de logro																				
Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos						Elementos transversais									
					P. escrit.	P. oral	Trab. indiv.	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV	
XHB3.4.1.	CSC	Analiza os distintos períodos montañosos vividos en España durante o século XIX e os resultados da conflictividade social no país.	70%	60%	80%	10%							X	X	X	X	X			
XHB10.4.1.	CSC CCL	Emprega termos específicos da unidade e da asignatura.	90%	40%	20%	20%	10%	10%	20%	10%	10%		X	X			X			

## Unidade 5. Imperialismo, guerra e revolución

Bloque: 4. O Imperialismo do século XIX e a I Guerra Mundial	Temporalización	
	Mes	Sesións
	xaneiro	8

**Descrición e xustificación:** o alumnado achégase nesta unidade aos procesos imperialistas, aos reximes políticos e á situación sociocultural vivida en Europa a finais do século XIX para comprendela como un proceso de transición no que as loitas internas, externas e as intervencións estatais favoreceron a I Guerra Mundial. Tamén se retoma o concepto de absolutismo para abordar a Revolución Rusa e as consecuencias desta nun modelo de sociedade no que a industrialización vivida en Europa enfrontábase aos antigos modelos de goberno propios da Rusia

dos zares.

<b>Objetivos de etapa</b> a, c, d, g, h, l, n	<b>Objetivos didácticos</b>	
	<ol style="list-style-type: none"><li>1. Analizar o concepto e vías de aplicación dos principios imperialistas desenvolvidos en Europa a finais do século XIX.</li><li>2. Relacionar os conceptos de imperialismo e nacionalismo.</li><li>3. Analizar a influencia da propaganda política no desenvolvemento do Imperialismo europeo.</li><li>4. Relacionar o pasado imperialista coa actual situación de dependencia dos países sometidos a finais do século XIX e comezos do XX.</li><li>5. Establecer vencellos entre colonialismo, imperialismo e as motivacións que levaron á I Guerra Mundial.</li><li>6. Diferenciar acontecementos de procesos na sucesión de feitos que levaron á I Guerra Mundial.</li><li>7. Analizar as consecuencias que o Tratado de Versalles tivo para Europa e para Estados Unidos.</li><li>8. Recoñecer a distribución do novo mapa político europeo tras a Guerra.</li><li>9. Relacionar os principios que moveron a Revolución Rusa coas políticas expansionistas que se deron en Europa durante o século XX e que se están a dar na actualidade.</li><li>10. Comentar analiticamente obras dos distintos períodos artísticos que se deron en Europa na segunda metade do século XIX e no primeiro terzo do século XX.</li><li>11. Comparar movementos artísticos europeos e asiáticos.</li></ol>	
<b>Contidos didácticos</b> <ol style="list-style-type: none"><li>1. As grandes potencias na segunda metade do século XIX.</li><li>2. Os factores do Imperialismo.</li><li>3. Os grandes imperios coloniais.</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>4. A administración colonial e os seus efectos.</li><li>5. A orixe da Primeira Guerra Mundial.</li><li>6. O desenvolvemento da Guerra.</li></ol>	<ol style="list-style-type: none"><li>7. As consecuencias da Primeira Guerra Mundial.</li><li>8. As orixes da Revolución Rusa.</li><li>9. As revolucións de 1917 e a guerra civil rusa.</li></ol>
<b>Contidos</b> B4.1. O imperialismo no século XIX: concepto. B4.2. Imperialismo: causas, desenvolvemento e consecuencias. B4.3. Causas e consecuencias da Gran Guerra (1914-1919) ou I Guerra Mundial. B4.4. Revolución Rusa. B4.5. A arte no século XIX.	<b>Criterios de avaliación</b> B4.1. Identificar as potencias imperialistas e a repartición de poder económico e político no mundo no derradeiro cuarto do século XIX e no principio do XX. B4.2. Establecer xerarquias causais (aspecto e escala temporal) da evolución do imperialismo. B4.3. Coñecer os principais acontecementos da Gran Guerra, as súas interconexións coa Revolución Rusa e as consecuencias dos tratados de Versalles. B4.4. Esquemmatizar a orixe, o desenvolvemento e as consecuencias da Revolución Rusa. B4.5. Relacionar movementos culturais como o romanticismo,	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles</b> XHB4.1.1. Explica razoadamente que o concepto imperialismo reflicte unha realidade que influiría na xeopolítica mundial e nas relacións económicas transnacionais. XHB4.1.2. Elabora discusións sobre eurocentrismo e a globalización. XHB4.2.1. Sabe recoñecer cadeas e interconexións causais entre colonialismo, imperialismo e a Gran Guerra de 1914. XHB4.3.1. Diferencia os acontecementos dos procesos, nunha explicación histórica, da I Guerra Mundial.



	<p>en distintas áreas, e recoñecer a orixinalidade de movementos artísticos como o impresionismo, o expresionismo e outros "ismos" en Europa.</p>	<p>XHB4.3.2. Analiza o novo mapa político de Europa.  XHB4.3.3. Describe a derrota de Alemaña desde a súa propia perspectiva e desde a dos aliados.  XHB4.4.1. Contrasta algunhas interpretacións do alcance da Revolución Rusa na súa época e na actualidade.  XHB4.5.1. Comenta analiticamente cadros, esculturas e exemplos arquitectónicos da arte do século XIX.  XHB4.5.2. Compara movementos artísticos europeos e asiáticos.</p>
--	---	--

Indicadores de logro		Instrumentos										Elementos transversais							
Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV
XHB4.1.1.	CSC CAA CCL	Explica o concepto de imperialismo e as súas distintas aplicacións a finais do século XIX.	80%	10%	10%	70%	10%				10%	X			X	X	X		
XHB4.1.2.	CSC CAA CCL	Relaciona o modelo imperialista desenvolvido no século XIX co modelo xeopolítico actual.	60%	10%	20%	70%					10%	X		X	X		X		
XHB4.2.1.	CSC CAA	Identifica as implicacións socioculturais que o imperialismo e o colonialismo tiveron no clima previo á I Guerra Mundial.	70%	20%	20%	60%				10%	10%	X			X	X	X	X	
XHB4.3.1.	CSC CAA	Elabora un eixe cronolóxico coas distintas fases da I Guerra Mundial.	70%	20%		20%	60%		10%		10%		X	X		X			
XHB4.3.2.	CSC CAA	Elabora un mapa coa situación das fronteiras europeas antes e despois da I Guerra Mundial.	70%	10%		10%	70%		10%		10%		X	X	X	X			
XHB4.3.3.	CSC CAA CCL	Analiza a perspectiva alemá dos resultados da I Guerra Mundial e as consecuencias sociais do Tratado de Versalles.	80%	10%	20%	20%					10%	X	X		X	X			
XHB4.4.1.	CSC CAA	Recoñece as fases da Revolución Rusa e as súas implicacións políticas	70%	10%	20%	10%		50%		10%	10%	X		X		X			

	CCL	e sociais no contexto internacional.																	
XHB4.5.1.	CSC CAA CCL CCEC	Relaciona o modelo arquitectónico implantado nos países europeos no século XIX cos ideais políticos imperantes en cada país.	60%	5%	10%		80%					10%		X		X	X	X	
XHB4.5.2.	CSC CAA CCL CCEC	Compara os movementos artísticos de Alemaña e España cos movementos xurdidos en Xapón e China.	50%	5%	10%		80%		5%			5%	X	X		X	X		

## Unidade 6. O mundo de entreguerras

Bloque: 5. A época de entreguerras (1919-1945)	Temporalización		Sesións
	Mes		
	febreiro		9
<p><b>Descrición e xustificación:</b> a presente unidade analiza os procesos sociopolíticos, económicos, culturais e posbélicos que viviu Europa durante os anos 20 e 30 poñéndoos en relación coas últimas crisis vividas en Europa recentemente. Tamén se avalla como o contexto de crise cultural, económica e política favorece a aparición de vagas radicais e segregadoras como o nazismo ou os fascismos. O análise terá en conta outros procesos de revolución e cambio nos modelos de goberno como os vividos na URSS nos anos 20 do século XX.</p>	<p><b>Objetivos de etapa</b> a, c, d, g, h, l</p>		
	<p><b>Objetivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar os elementos que influíron na recuperación de Europa nos anos 20 e os que favoreceron o crecemento dos EE.UU.</li> <li>2. Analizar as distintas interpretacións que do período histórico aportan distintas fontes historiográficas europeas e americanas.</li> <li>3. Relacionar a decadencia política, económica e cultural vivida en Europa nos anos 20 e en EE.UU. durante a Gran Depresión cos actuais procesos de devaluación social que se dan no mundo Occidental durante as crises.</li> <li>4. Valorar a loita polos dereitos da muller que se iniciou en Estados Unidos nos anos 20.</li> <li>5. Analizar os factores que favoreceron o auxe do fascismo e do nazismo en Italia e en Alemaña durante os anos 20.</li> <li>6. Avaliar a presenza das ideas segregacionistas dos fascismos na nosa sociedade actual.</li> <li>7. Identificar os distintos procesos políticos que favoreceron a formación da URSS.</li> <li>8. Recoñecer as distintos elementos de control da sociedade e da economía implantados na URSS durante a ditadura de Stalin.</li> </ol>		

<b>Contidos didácticos</b>																					
1. A difícil recuperación nos anos 20. 2. A Gran Depresión e os anos 30. 3. O ascenso dos totalitarismos.																					
4. A Italia fascista. 5. As orixes do nazismo. 6. A Alemaña nazi: un rexime totalitario.																					
7. A formación da URSS. 6. A ditadura de Stalin.																					
<b>Contidos</b>																					
B5.1. Período de entreguerras: do final da Gran Guerra ao crack do 29 e a Gran Depresión. B5.2. Fascismo italiano e nazismo alemán.																					
B5.1. Coñecer e comprender os acontecementos, os feitos e os procesos máis importantes do período de entreguerras, e a súa conexión co presente, e estudar a xerarquía causal nas explicacións históricas sobre esta época. B5.2. Analizar as causas do auxe dos fascismos en Europa.																					
XHB5.1.1. Analiza interpretacións diversas de fontes históricas e historiográficas de distinta procedencia. XHB5.1.2. Relaciona algunhas cuestións concretas do pasado co presente e as posibilidades do futuro, como o alcance das crises financeiras de 1929 e de 2008. XHB5.1.3. Discute as circunstancias da loita polo sufraxio da muller. XHB5.2.1. Explica diversos factores que fixeron posible o auxe do fascismo en Europa.																					
<b>Indicadores de logro</b>																					
Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos							Elementos transversais									
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV		
XHB5.1.1.	CSC CAA CCL	Analiza a situación sociopolítica, económica e cultural de Alemaña e Estados Unidos no período de entreguerras a partir de fontes procedentes deses países e fontes alleas.	60%	30%	30%	40%	20%					10%	X		X	X					
XHB5.1.2.	CSC CAA	Relaciona as causas que deron lugar ao crack de 1929 con aquelas que motivaron o afundimento da economía europea a partir de 2001 e as súas repercusións en España dende 2007.	80%	30%	20%	20%	40%			10%		10%	X		X	X					
XHB5.1.3.	CSC CAA CCL	Identifica os movementos feministas xurdidos en Estados Unidos no primeiro cuarto do século XX e a	60%	10%	20%	10%	60%					10%	X	X	X	X					

XHBS.2.1.	CSC CCL	Explica as causas que levaron a Mussolini e a Hitler a protagonizar a política de Italia e Alemaña nos anos 20 e 30 do século XX.	90%	30%	30%	10%	40%											
		implantación do sufraxio feminino nese país e en Francia, Gran Bretaña e España.																

### Unidade 7. A II Guerra Mundial

Bloque: 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)	Temporalización	
	Mes	Sesións
	febreiro/marzo	8
<b>Descrición e xustificación:</b> o alumnado achégase á II Guerra Mundial diferenciando os elementos que favoreceron o inicio do conflito, o seu desenvolvemento, as consecuencias que este tivo para as sociedades e para as diferentes culturas así como as que viñeron derivadas do proceso posbélico de pacificación. Cobra especial protagonismo neste análise O Holocausto, do que se analizan as consecuencias culturais, políticas, ideolóxicas, relixiosas e humanitarias que tivo para a sociedade Europea e occidental.		
<b>Obxectivos de etapa</b> a, d, g, h, l	<b>Obxectivos didácticos</b>	
	<ol style="list-style-type: none"> <li>Diferenciar a xerarquía causal dos feitos en función das fontes que os interpretan.</li> <li>Ubicar sobre un mapa as fases e a evolución da II Guerra Mundial en Europa, en África e nos territorios continentais e insulares do Pacífico.</li> <li>Analizar os motivos polos que a guerra en Europa rematou con anterioridade á guerra mundial e a influencia para a fin do conflito das bombas de Hiroshima e Nagasaki.</li> <li>Elaborar unha narrativa que recolla as causas e consecuencias da II Guerra Mundial a distintos niveis, temporais e xeográficos.</li> <li>Avaiar as repercusións humanas, sociais, políticas, culturais e das relacións internacionais que tivo o Holocausto tanto para o pobo alemán, como para o pobo xudeo e os pobos europeos.</li> <li>Analizar o xeito no que Europa e EE.UU. intentaron recompoñer o panorama político mundial tras a Guerra.</li> <li>Relacionar os procesos bélicos e de exterminio humano que tiveron lugar durante a II Guerra Mundial coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos.</li> </ol>	
<b>Contidos didácticos</b> 1. As causas da Guerra.	3. A vitoria aliada.	5. A organización da paz.

2. A ofensiva do Eixe.		4. O Holocausto.		6. As consecuencias da guerra.																				
<b>Contidos</b>		<b>Criterios de avaliación</b>		<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b>																				
B6.1. Orixe da II Guerra Mundial. B6.2. Desenvolvemento da II Guerra Mundial: extensión, fases, formas de guerra e principais consecuencias. B6.3. O Holocausto.		B6.1. Coñecer as causas da II Guerra Mundial. B6.2. Coñecer os principais feitos da II Guerra Mundial, diferenciar as escalas xeográficas nesta guerra (europea e mundial) e entender o concepto de guerra total. B6.3. Entender o contexto en que se desenvolveu o Holocausto na guerra europea e as súas consecuencias.		XHB6.1.1. Recoñece a xerarquía causal (diferente importancia dunhas causas ou outras segundo as narrativas). XHB6.2.1. Sitúa nun mapa as fases do conflito. XHB6.2.2. Dá unha interpretación de por que rematou antes a guerra europea que a mundial. XHB6.2.3. Elabora unha narrativa explicativa das causas e as consecuencias da II Guerra Mundial, a distintos niveis temporais e xeográficos. XHB6.3.1. Recoñece a significación do Holocausto na historia mundial.																				
<b>Indicadores de logro</b>																								
Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos						Elementos transversais													
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rub.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV					
XHB6.1.1.	CSC CAA	Identifica as causas europeas e externas que deron lugar á II Guerra Mundial.	80%	30%	30%	40%			10%	10%	10%	10%	X											
XHB6.2.1.	CSC CAA	Elabora mapas cos avances das diferentes fronteiras en Europa, no Pacífico e en Asia.	70%	10%		10%	80%		10%				X	X	X	X								
XHB6.2.2.	CSC CAA CCL	Relaciona o fin da II Guerra Mundial coa intervención nuclear de Estados Unidos na Guerra por medio do lanzamento das bombas de Hiroshima e Nagasaki.	80%	30%	20%	10%		60%					10%	X	X	X		X						
XHB6.2.3.	CSC CAA CCL	Analiza as consecuencias sociais, económicas e políticas da II Guerra Mundial para Alemaña, os Aliados e os países neutrals sometidos a	70%	20%	30%	10%	40%		10%				10%	X		X	X							X

		reximes dictatoriais.																		
XHB6.3.1.	CSC	Recoñece a orixe, a aplicación e as consecuencias tanto sociais como demográficas e xeopolíticas do Holocausto.	90%	10%	20%	10%		50%	10%			10%	X		X	X		X	X	X

### Unidade 8. España: da crise do 98 á Guerra Civil

Bloque: 5. A época de entreguerras (1919-1945)	Temporalización	
	Mes	Sesións
	marzo	8
<p><b>Descrición e xustificación:</b> a unidade realiza unha análise da transición vivida en España entre o século XIX e o século XX, a influencia do desastre de 1898 nas políticas posteriores, a visión sociopolítica instaurada no país a raíz do conflito en Cuba, as vías para a instauración dun rexime ditatorial e o posterior proceso republicano cos seus distintos referentes tanto legais como políticos e socioculturais. A República, e as confrontacións internas vividas no país insírennos na conflictividade social previa á Guerra Civil, o posterior proceso bélico e as consecuencias políticas, sociais, económicas e culturais que a contenda tivo para España e para a súa sociedade. Tamén se analiza en profundidade a difícil situación social e de desenvolvemento vivida en Galicia dende finais do século XIX ata mediados do século XX.</p>	<p><b>Obxectivos de etapa</b> a, c, d, g, h, l</p>	<p><b>Obxectivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Analizar a influencia do desastre de 1898 no panorama político, social e cultural da España de comezos do século XX.</li> <li>2. Recoñecer os elementos que deron lugar á crise da Restauración e á aparición de tendencias dictatoriais en España.</li> <li>3. Identificar as causas que motivaron o triunfo da II República e o clima sociopolítico vivido en España dende 1927 ata 1936.</li> <li>4. Explicar as principais reformas que tiveron lugar durante a II República española e a reacción do pobo e das clases políticas a estas.</li> <li>5. Relacionar os procesos reformistas da II República coas políticas democratizadoras que se implantaron en España durante a Transición.</li> <li>6. Explicar as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e Internacional.</li> <li>7. Recoñecer as consecuencias sociais, políticas, culturais e humanitarias que a Guerra Civil tivo para España e para Galicia.</li> </ol>
<p><b>Contidos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. O desastre de 1898.</li> <li>2. A crise da Restauración.</li> <li>3. O triunfo da República e o Bienio reformista.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>4. O Bienio conservador e a Fronte Popular.</li> <li>5. A Guerra Civil.</li> <li>6. A vida cotiá durante a Guerra.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>7. As consecuencias da Guerra Civil.</li> <li>8. Galicia no primeiro terzo do século XX.</li> </ol>

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábles
B5.3. II República española e a Guerra Civil.	B5.3. Coñecer as tensións que levaron en España á proclamación da II República e ao estoupido da Guerra Civil	XHB5.3.1. Explica as principais reformas durante a II República española, e reaccións a elas. XHB5.3.2. Explica as causas da Guerra Civil española no contexto europeo e internacional.

Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos						Elementos transversais								
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rub.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV
XHB5.3.1.	CSC CCL	Recoñece as causas e consecuencias da aplicación do modelo republicano en España e os seus períodos de desenvolvemento.	70%	40%	40%	10%	30%	10%				10%	X		X	X			
XHB5.3.2.	CSC CAA CCL	Analiza as causas, as fases, as implicacións sociais e as consecuencias da Guerra Civil española.	80%	60%	60%	10%		20%				10%	X	X	X	X			X

### Unidade 9. A Guerra Fria

Bloque: 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)	Temporalización	
	Mes	Sesións
	marzo/abril	8

**Descrición e xustificación:** o alumnado realiza achegamento ás consecuencias sociopolíticas posteriores á II Guerra Mundial analizando as causas e protagonistas que levaron ao inicio

da Guerra Fria e á creación do que se coñeceu como Mundo de Bloques. Tamén se realiza un repaso aos distintos conflitos nas relacións internacionais que provocaron os cambios de etapa dentro da coñecida como Guerra Fria e os períodos de confrontamento interno dentro dos propios países somerxidos na Guerra Fria.

<b>Objetivos de etapa</b>		g, h, l		<b>Objetivos didácticos</b>																	
				1. Recoñecer os motivos político-culturais e ideolóxicos que deron lugar á Guerra Fria. 2. Anlizar as repercusións que para Alemaña e para Europa tivo o levantamento do muro de Berlín. 3. Explicar as relacións entre EE.UU. e a URSS durante a Guerra Fria empregando fontes históricas e historiográficas. 4. Identificar as distintas fases da Guerra Fria, os seus principais protagonistas e os feitos que desencadearon os cambios de etapa. 5. Describir as consecuencias da Guerra de Vietnam tanto para o panorama internacional como para a aparición dunha nova vaga pacifista en toda Europa e nos Estados Unidos. 6. Anlizar as repercusións que o fin da Guerra Fria tivo en Europa dando especial importancia á crise dos Balcáns como o último grande proceso bélico de confrontación cultural, política e social do século XX europeo. 7. Relacionar as tensións da Guerra Fria co actual panorama de confrontación ideolóxica e cultura que se está a dar entre as diferentes potencias económicas mundiais.																	
<b>Contidos didácticos</b>		1. A xénese da Guerra Fria. 2. O mundo de Bloques.		3. Dos inicios á coexistencia pacífica. 4. Da coexistencia pacífica á crise dos mísiles.																	
<b>Contidos</b>		<b>Criterios de avaliación</b>		<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b>																	
B6.4. Nova xeopolítica mundial: Guerra Fria e plans de reconstrución posbélica.		B6.4. Comprender o concepto de Guerra Fria no contexto de despois de 1945, e as relacións entre os dous bloques, os EEUU e a URSS.		XHB6.4.1. Utilizando fontes históricas e historiográficas, explica algúns dos conflitos enmarcados na época da Guerra Fria. XHB6.4.2. Describe as consecuencias da guerra de Vietnam.																	
<b>Indicadores de logro</b>																					
Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos				Elementos transversais												
					P. escrit.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV		
XHB6.4.1.	CSC CAA CCL	Explica as fases da Guerra Fria, os seus protagonistas e as implicacións internacionais do conflito naqueles países alleos aos dous bandos que se	80%	75%	70%				10%		10%	10%	X		X	X				X	



		formaran durante a II Guerra Mundial.																	
XHB6.4.2.	CSC CAA CCL	Analiza as consecuencias políticas, sociais e ecolóxicas da guerra de Vietnam.	70%	25%	20%	10%		50%	10%		10%			X	X	X	X	X	X

### Unidade 10. A descolonización e o Terceiro Mundo

Bloque: 6. As causas e consecuencias da II Guerra Mundial (1939-1945)	Temporalización	
	Mes	Sesións
	abril	7
<b>Descrición e xustificación:</b> repásanse nesta unidade os contidos relativos ao Imperialismo para favorecer unha transición no coñecemento que permita comprender a descolonización e os procesos independentistas iniciados en Asia, África e Oceanía co obxectivo de diferenciarse dos reximes colonialistas ou imperialistas previos. Do mesmo xeito, aproveitaranse estes contidos como base para comprender a formación do coñecido como Terceiro Mundo a partir do cofecemento da Guerra Fria aprendido nas unidades anteriores.		
<b>Objetivos de etapa</b> a, d, g, h, l	<b>Objetivos didácticos</b> 1. Recoñecer os motivos culturais, ideolóxicos e económicos que favoreceron o inicio do proceso descolonizador en Asia, Oceanía e África. 2. Describir os feitos relevantes do proceso descolonizador en Asia, Oceanía e África. 3. Analizar as novas vía de neocolonización económica instauradas nos países iberoamericanos. 4. Distinguir no tempo e culturalmente os distintos procesos de descolonización que se viviron en África. 5. Relacionar os intentos descolonizadores de Oriente Próximo coa actual situación de tensión cultural, política e relixiosa que vive este territorio e as súas repercusións para Europa e os EE.UU. 6. Analizar o termo Terceiro Mundo e as súas consecuencias nas relacións políticas, económicas e culturais na actualidade.	
<b>Contidos didácticos</b> 1. A descolonización. 2. A descolonización de Asia e Oceanía.	3. Oriente Próximo. 4. A descolonización de África.	5. O nacemento do Terceiro Mundo.
<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles</b>

B6.5. Procesos de descolonización en Asia e África.	B6.5. Organizar os feitos máis importantes da descolonización de posguerra no século XX e comprender os límites da descolonización e da independencia nun mundo desigual.	XHB6.5.1. Describe os feitos relevantes do proceso descolonizador. XHB6.5.2. Distingue entre contextos diferentes do mesmo proceso, por exemplo, África subsaariana (anos 50 e 60) e a India (1947).
---	---	---

Indicadores de logro		Instrumentos										Elementos transversais								
		Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	P. escrit.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV
XHB6.5.1.	CSC CCL	Analiza os principais acordos firmados para iniciar o proceso descolonizador, a súa aplicación e a vivencia ou non destes na actualidade.	70%	60%	70%		10%	10%	10%		10%	X		X	X	X	X			
XHB6.5.2.	CSC CAA	Relaciona a evolución dos movementos anticoloniais en Asia e en África ao longo do século XX.	60%	40%	30%	10%	40%	10%		10%	X	X	X	X	X	X				

### Unidade 11. O mundo desde 1945 ata a actualidade

Bloque: 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético	Temporalización		
	Mes	Sesións	
8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI	abril/maio	7	
9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI			

**Descrición e xustificación:** a unidade fai un repaso aos procesos posteriores á II Guerra mundial buscando o coñecemento dos procesos democráticos e pacíficos iniciados con posterioridade e analizando as distintas vías de adaptación dos modelos de goberno europeos co obxectivo de favorecer unha transición pacífica cara o último tercio do século XX. Asímismo, analízase como o proceso globalizador e reformador iniciado en Europa tras a Guerra favoreceu o nacemento dunha liña cultural globalizadora que é a que precisamente nos leva a un mundo actual no que a cultura occidental e os radicalismos de corte relixioso estábanse a enfrontar.

<b>Obxectivos de etapa</b> a, c, d, e, f, g, h, l, m, ñ	<b>Obxectivos didácticos</b> 1. Analizar os avances económicos vividos na Europa occidental e a implantación do Estado de Benestar. 2. Reflexionar sobre as causas, efectos e consecuencias das crises económicas. 3. Recoñecer o proceso de formación da Unión Europea e a súa evolución no tempo. 4. Avaliar o modelo de goberno das democracias populares en relación cos modelos democráticos occidentais. 5. Identificar as causas do colapso da URSS e os motivos que levaron á crise económica de 1973. 6. Relacionar o modelo de globalización coas pautas de reconstrución de Europa tras a II Guerra Mundial e tras a caída da URSS. 7. Analizar mediante fontes xornalísticas a influencia do modelo globalizador na nosa sociedade. 8. Identificar signos da Europa de Bloques aínda presentes na nosa sociedade. 9. Relacionar os principios da globalización cultural occidental cos conflitos culturais vividos na actualidade entre o mundo occidental e o mundo islámico.	
<b>Contidos didácticos</b> 1. Europa occidental: democracia e cambio social. 2. A Unión Europea, unha iniciativa de paz e convivencia. 3. Estados Unidos, unha gran potencia. 4. Europa do Leste: a URSS e as democracias populares.	5. A desaparición do bloque comunista. 6. O desenvolvemento da Asia oriental. 7. Tensións e conflitos en América Latina. 8. Tensións e conflitos en Asia e África.	9. As potencias emerxentes no século XXI. 10. O mundo islámico e as súas tensións internas. 11. O mundo actual: a globalización. 12. Retos e problemas do século XXI.
<b>Contidos</b> B7.1. Evolución dos bloques soviético e capitalista. O "Welfare State". B7.2. Crise do petróleo (1973). B8.1. Formas económicas e sociais do capitalismo no mundo. B8.2. Colapso dos réximes soviéticos e as súas consecuencias. B8.4. Camiño cara a Unión Europea: desde a unión económica a unha futura unión política supranacional. B9.1. A globalización económica: concepto e características.	<b>Criterios de avaliación</b> B7.1. Entender os avances económicos dos réximes soviéticos e os perigos do seu illamento interno, así como os avances económicos do "Welfare State" en Europa. B7.2. Comprender o concepto de crise económica e a súa repercusión mundial nun caso concreto. B8.1. Interpretar procesos a medio prazo de cambios económicos, sociais e políticos a nivel mundial. B8.2. Coñecer as causas e as consecuencias inmediatas do	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b> XHB7.1.1. Explica os avances dos réximes soviéticos e do "Welfare State" en Europa. XHB7.1.2. Recoñece os cambios sociais derivados da incorporación da muller ao traballo asalariado. XHB7.2.1. Compara a crise enerxética de 1973 coa financeira de 2008. XHB8.1.1. Interpreta o renacemento e o declive das nacións no novo mapa político europeo desa época XHB8.1.2. Comprende os pros e contras do estado do

B9.3. Consecuencias da globalización. Relacións interrexionais; focos de conflito.	colapso da URSS e outros réximes socialistas. B8.4. Entender a evolución da construción da Unión Europea. B9.1. Definir a globalización e identificar algúns dos seus factores. B9.3. Recoñecer o impacto destes cambios a nivel local, autonómico, estatal e global, prevendo posibles escenarios máis e menos desexables de cuestións ambientais transnacionais, e discutir as novas realidades do espazo globalizado.	benestar. XHB8.2.1. Analiza aspectos políticos, económicos e culturais dos cambios producidos tralo colapso da URSS. XHB8.4.1. Discute sobre a construción da Unión Europea e do seu futuro. XHB9.1.1. Procura na prensa novas dalgun sector con relacións globalizadas, e elabora argumentos a favor e en contra. XHB9.1.2. Elabora discusións sobre o eurocentrismo e a globalización. XHB9.3.1. Crea contidos que inclúen recursos como textos, mapas e gráficos, para presentar algún aspecto conflictivo das condicións sociais do proceso de globalización.
--	---	--

### Indicadores de logro

Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos							Elementos transversais							
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV
XHB7.1.1.	CSC CAA CCL	Analiza a evolución do modelo capitalista e comunista en Europa e Estados Unidos, no primeiro caso, e na URSS, no segundo.	80%	15%	20%	60%	10%					10%	X		X	X			
XHB7.1.2.	CSC	Recoñece os cambios socioeconómicos e culturais motivados pola incorporación da muller ao mundo laboral.	80%	10%		30%		60%				10%	X		X	X	X		X
XHB7.2.1.	CSC CAA CCL	Compara a crise enerxética de 1973 coa crise industrial dos anos 80 do século XX e coa crise económica iniciada en 2008.	70%	10%	10%	50%	20%			10%	10%	X		X	X	X			
XHB8.1.1.	CSC CAA	Analiza a aparición de novas nacións a finais do século XX e o xiro do concepto nacionalista europeo ante o novo panorama xeopolítico mundial.	70%	5%	20%			70%			10%	X		X	X				

XHB8.1.2.	CSC	Elabora unha presentación cos proles e os contras, tanto a nivel nacional como internacional, do Estado de Benestar.	70%	5%			80%	10%		10%			X	X	X			
XHB8.2.1.	CSC CAA CCL	Analiza o novo panorama xeopolítico xurdido tras o aturdimiento da URSS tanto en Europa central como nos Balcáns.	80%	20%	20%		60%	10%		10%			X	X	X	X		
XHB8.4.1.	CSC CAA CCL	Elabora un díptico con información sobre o nacemento da Unión Europea, os seus obxectivos e o proceso de incorporación dos distintos países ata conformar a «Europa dos 28».	60%	5%		10%	70%	10%		10%			X	X	X	X		
XHB9.1.1.	CSC CD CCL CAA CSIEE	Analiza as implicacións globais que esta a ter a participación do sector enerxético español e das industrias galegas no estranxeiro a partir das novas recollidas nun xornal.	70%	10%	10%		80%			10%			X	X	X	X		
XHB9.1.2.	CSC CAA CCL	Relaciona os eixes centrais mundiais coa evolución xeopolítica, económica e social das distintas áreas económicas do mundo.	80%	15%	20%		60%	10%		10%			X	X	X	X		
XHB9.3.1.	CSC CD CAA CCL CMOCT CSIEE	Elabora unha presentación con ferramentas interactivas para recoñecer as redes de intercambio global e as súas implicacións.	70%	5%	10%		75%			10%			X	X	X	X		X

### Unidade 12. España: da ditadura á democracia

Bloque: 7. A estabilización do Capitalismo e o illamento económico do bloque soviético	Temporalización		Sesións
	Mes		
	maio		5

8. O mundo recente entre os séculos XX e XXI		
<p><b>Descrición e xustificación:</b> o entendemento da España actual precisa da comprensión da España do franquismo e das vías de instauración democrática iniciadas durante a Transición. Nesta unidade búscase a comprensión de todos estes conceptos identificando os seus principais protagonistas, as repercusións do franquismo na nosa sociedade e as repercusións tamén derivadas do proceso democrático. Asimesmo, abórdanse os elementos de confrontación violenta xurdidos a finais da ditadura franquista e as consecuencias que este modelo de coacción violenta tivo para a sociedade española.</p>		
<p><b>Obxectivos de etapa</b></p> <p>a, c, d, g, h, l, ñ</p>	<p><b>Obxectivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Avaliar a situación política, cultural, social e intelectual que viviron España e Galicia durante a posguerra.</li> <li>2. Identificar as distintas fases do Réxime franquista e os seus principais protagonistas.</li> <li>3. Analizar a relación de España coas potencias occidentais durante o Réxime franquista e o distinto grao de evolución interna do país nun contexto de crecemento xeralizado.</li> <li>4. Identificar a memoria histórica como unha construción de base común e esquemas individuais do relato histórico.</li> <li>5. Interpretar, a partir de fontes históricas e historiográficas, as distintas concepcións da Ditadura que houbo no pasado e que hai na actualidade.</li> <li>6. Analizar o proceso de Transición como unha vía solidaria de recoñecemento mútuo e negociación para unha convivencia democrática e pacífica.</li> <li>7. Identificar a Constitución española de 1978 como eixe vertebrador do noso modelo democrático e de convivencia.</li> <li>8. Identificar o papel de Galicia dentro do Estado das Autonomías e os seus referentes como «entidade rexional histórica».</li> <li>9. Analizar as consecuencias que a aparición da violencia terrorista tivo para a sociedade española e para o Estado de Benestar.</li> </ol>	
<p><b>Contidos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os primeiros anos do franquismo.</li> <li>2. Afianzamento do Réxime e desenvolvemento.</li> <li>3. O final da Ditadura.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>4. A Transición cara a Democracia.</li> <li>5. A Constitución de 1978 e o Estado das Autonomías.</li> <li>6. Os gobernos do PSOE.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>7. A alternancia PP-PSOE.</li> <li>8. Cambios económicos e sociais na España democrática.</li> <li>9. Galicia: do franquismo á actualidade.</li> </ol>
<p><b>Contidos</b></p> <p>B7.3. Ditadura de Franco en España. B8.3. Transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982).</p>	<p><b>Criterios de avaliación</b></p> <p>B7.3. Explicar as causas de que se establecera unha ditadura en España tras a Guerra Civil, e como foi evolucionando esa ditadura desde 1939 a 1975. B8.3. Coñecer os principais feitos que conduciron ao cambio político e social en España despois de 1975, e sopesar</p>	<p><b>Estándares de aprendizaxe avaliábeles</b></p> <p>XHB7.3.1. Coñece a situación da posguerra e a represión en España, así como as fases da ditadura de Franco XHB7.3.2. Discute como se entende en España e en Europa o concepto de memoria histórica XHB8.3.1. Compara interpretacións sobre a Transición</p>

	distintas interpretacións sobre ese proceso.	<p>española nos anos setenta do século XX e na actualidade.</p> <p>XHB8.3.2. Enumera e describe algúns dos principais fillos que deron lugar ao cambio na sociedade española da transición: coroación de Xoán Carlos I, lei para a reforma política de 1976, lei de amnistía de 1977, apertura de Cortes Constituíntes, aprobación da Constitución de 1978, primeiras eleccións xerais, creación do Estado das autonomías, etc.</p> <p>XHB8.3.3. Analiza o problema do terrorismo en España durante esta etapa (ETA, GRAPO, Terra Lliure, etc.); a xénese e a historia das organizacións terroristas, a aparición dos primeiros movementos asociativos en defensa das vítimas, etc.</p>
--	--	---

### Indicadores de logro

Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grado mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos							Elementos transversais								
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV	
XHB7.3.1.	CSC	Recoñece mediante testimonios escritos e orais as implicacións que a posguerra tivo na nosa provincia.	80%	20%	20%	10%	40%		70%	10%	10%	10%	X	X	X	X		X		
XHB7.3.2.	CSC CAA CCL	Relaciona a memoria persoal co concepto de memoria histórica e os distintos modelos de recoñecemento desta en sociedade.	70%	10%	20%								X		X	X				X
XHB8.3.1.	CSC CAA CCL	Relaciona os discursos políticos actuais co modelo político de solidariedade e colaboración desenvolvido durante a Transición.	75%	10%			10%	10%		10%		10%	X	X	X	X				
XHB8.3.2.	CSC CCL	Analiza os procesos lexislativos, políticos e sociais que favoreceron a Transición en España a través dos seus protagonistas.	80%	40%	40%	50%						10%	X	X	X	X				

XHB8.3.3.	CSC CAA CCL	Analiza o conflito nacionalista xurrido en España antes e durante a transición e as implicacións que tivo e ten para a nosa sociedade a violencia desenvolvida por organizacións terroristas como ETA ou os GRAPO.	70%	20%	20%	10%	60%	10%	X	X	X	X		
-----------	-------------------	--	-----	-----	-----	-----	-----	-----	---	---	---	---	--	--

### Unidade 13. Os cambios tecnolóxicos dos séculos XX e XXI

Bloque: 9. A Revolución Tecnolóxica e a globalización a finais do século XX e principio do XXI	Temporalización												
	Mes						Sesións						
<p><b>Descrición e xustificación:</b> a unidade busca establecer unha relación entre procesos históricos e procesos científicos para recoñecer cales foron os principais inventos dos séculos XIX e XX e os contextos culturais, empresariais e sociais nos que se deron. Do mesmo xeito procura un recoñecemento da aplicación das tecnoloxías de xeito responsable co obxectivo de favorecer a apertura dunha vía de futuro sustentable e na que non se repitan os erros do pasado.</p>													
<p><b>Obxectivos de etapa</b> e, f, g, h, l</p>	<p><b>Obxectivos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Identificar os principais inventos do século XIX e do século XX.</li> <li>2. Recoñecer o contexto cultural, ideolóxico, empresarial, e, nos casos oportunos, bélico que conduciu á aparición de novos inventos.</li> <li>3. Diferenciar os modelos empresariais implantados no mundo dende o final da II Guerra Mundial e os seus pros e contras.</li> <li>4. Analizar as repercusións sociais que a implantación de tecnoloxía tivo no pasado e está a ter no presente.</li> <li>5. Avaliar o grao no que a tecnoloxía supón un impedimento para o desenvolvemento autónomo das sociedades.</li> <li>6. Identificar a revolución tecnolóxica como un novo modelo de crecemento industrial produto das revolucións previas.</li> <li>7. Analizar a partir de diversas fontes as vías para a implantación de novas técnicas de desenvolvemento tecnolóxico e as súas posibles consecuencias para as sociedades e para o medioambiente.</li> </ol>												
<p><b>Contidos didácticos</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Os grandes inventos do século XIX.</li> <li>2. O desenvolvemento dos modelos empresariais.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>3. Os avances científico-técnicos da primeira metade do século XX.</li> <li>4. Guerra e desenvolvemento tecnolóxico.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>5. Tecnoloxía e privacidade: cuestións legais.</li> <li>6. Modelos de futuro.</li> </ol>											



Contidos		Criterios de avaliación				Estándares de aprendizaxe avaliábles																	
B9.2. Papel da Revolución Tecnolóxica na globalización.		B9.2. Identificar algúns dos cambios fundamentais que supón a Revolución Tecnolóxica.				XHB9.2.1. Analiza algunhas ideas de progreso e retroceso na implantación das recentes tecnoloxías da información e da comunicación, a distintos niveis xeográficos.																	
Indicadores de logro																							
Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos							Elementos transversais											
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Obs. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV				
XHB9.2.1.	CSC CAA CCL CD	Elabora un diagrama cos principais descubrimentos científicos desenvolvidos ao longo do século XX e as súas aplicacións.	70%	30%	20%		60%			10%													
XHB9.2.1.	CSC CAA CCL CD	Analiza a Revolución Tecnolóxica de finais do século XX, as súas implicacións na sociedade actual e a transición cara unha nova etapa da revolución tecnolóxica.	80%	70%	80%		10%							10%	X		X	X					

### Unidade 14. Actualidade e procesos históricos

Bloque: 10. A relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía	Temporalización	
	Mes	Sesións
	xuño	4

**Descrición e xustificación:** o alumnado achégase nesta unidade aos modelos xurídico-políticos actuais para comprendelos, analizar a súa evolución e relacionalos coas bases históricas que favoreceron a súa formación. Asimesmo, realízase un repaso ás formas de organización laboral, aos modelos económicos, ás relacións internacionais posteriores á fin da Guerra Fría e búscase comprender como os factores de confraternización establecidos na formación da Unión Europea se están a cumprir na actualidade. Por outra banda, precisase, como punto final do

curso, un repaso da situación xeopolítica actual para recoñecer cales poden ser os posibles cauces de futuro e as relacións vindeiras.

<b>Obxectivos de etapa</b> f, g, h, l, ñ	<b>Obxectivos didácticos</b> 1. Recoñecer os indicadores biolóxicos, xeográficos e climáticos que evidencian o quencemento global do Planeta. 2. Identificar as consecuencias que o quencemento global pode ter para a nosa sociedade, os ecosistemas e os distintos modos de vida e de desenvolvemento económico no Planeta. 3. Diferenciar os modelos de organización dos traballadores que se produciron ao longo da Historia dos que se están a dar na actualidade. 4. Comparar os modelos industriais e económicos de comezos do século XIX co modelo actual nos países occidentais. 5. Realizar un eixe cronolóxico dos principais conflitos nas relacións internacionais que se produciron nos séculos XX e XXI. 6. Relacionar as bases de convivencia establecidas na formación da Comunidade Económica Europea co actual modelo de relacións na Unión Europea. 7. Analizar os desequilibrios mundiais e os retos que se presentan ante un novo panorama de relacións internacionais.
<b>Contidos didácticos</b> 1. Os modelos xurídico-políticos actuais e a súa base histórica. 2. Formas de organización laboral e aspectos históricos.	3. Modelos económicos e bases históricas. 4. As tensións da Guerra Fría e a xeopolítica actual.
<b>Contidos</b> B10.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia e a xeografía. B10.2. Cambio e continuidade.	<b>Criterios de avaliación</b> B10.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles. B10.2. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
	<b>Estándares de aprendizaxe avaliábeis</b> XHB10.1.1. Formula posibles beneficios e desvantaxes para as sociedades humanas e para o medio natural dalgúñas consecuencias do quecemento global, como o desxeameamento do Báltico. XHB10.1.2. Sopesa como unha Europa en guerra durante o século XX pode chegar a unha unión económica e política no século XXI. XHB10.1.3. Compara (nun aspecto ou en varios) as revolucións industriais do século XIX coa revolución tecnolóxica de finais do século XX e principio do XXI. XHB10.2.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.

		XHB10.2.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
--	--	---

### Indicadores de logro

Identif. estándar	Compet. clave	Indicador	Grao mínimo consec.	Peso cualif.	Instrumentos								Elementos transversais							
					P. escri.	P. oral	Trab. indiv	Trab. grup.	Cad. clas.	Rúb.	Ops. aula	CL	CA	TIC	EMP	EOE	EC	PV	EV	
XHB10.1.1.	CSC CMCCT CAA CCL	Relaciona os conflitos bélicos e a política de bloques coas consecuencias que para a natureza tiveron estes dous procesos históricos.	60%	10%	20%	60%				10%		10%	X		X	X	X			X
XHB10.1.2.	CSC CAA	Analiza a actual situación da Unión Europea en relación ao compromiso orixinal de crear unha organización internacional de resposta e traballo compartido ante as necesidades do continente.	70%	30%	30%	10%	40%			10%		10%		X	X	X	X	X		
XHB10.1.3.	CSC CMCCT CAA	Relaciona a implantación e evolución da Revolución Industrial en Galicia coa implantación e evolución da Revolución Tecnolóxica.	70%	20%	30%	30%	20%	10%	10%			10%	X		X	X	X			
XHB10.2.1.	CSC CMCCT	Recolle mediante liñas de tempo unha exposición cronolóxica e descritiva dos principais procesos históricos vividos en Europa no século XX.	80%	20%	20%		60%				10%	10%	X	X	X	X	X			
XHB10.2.2.	CSC CMCCT	Representa mediante mapas temáticos a actual situación demográfica, económica e política das principais nacións de Europa, América, Asia, África e Oceanía.	80%	20%	10%	70%					10%	10%	X	X	X	X	X			

## 12. Elementos transversais

O Decreto 86/2015 establece como elementos transversais da etapa de Secundaria a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional. Estes referentes curriculares serán tamén referentes para a acción educativa dentro da materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO e deberanse traballar e desenvolver como base da metodoloxía docente. Tamén deberanse ter como referencia o desenvolvemento de valores que potencien o respecto entre homes e mulleres previndo a violencia de xénero, favorecendo a igualdade de trato e a non discriminación, así como o respecto ao medio ambiente e á integridade propia do individuo. Tendo todos estes elementos como punto de partida para a estratexia docente nesta materia, hai dous eidos nos que o propio centro avoga de xeito específico: o fomento da comprensión lectora e a expresión oral e escrita (Proxecto Lector), e o fomento das TIC e da comunicación audiovisual. Para traballalos propónse o seguinte modelo:

### **Fomento da comprensión lectora e a expresión oral e escrita**

Co obxectivo de traballar este eido específico, dende a materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO propoñeráse un traballo conxunto entre o equipo docente e o alumnado no que as referencias bibliográfica sexan un elemento de uso común tanto para a obtención de información nos procesos investigativos como para a divulgación dos coñecementos abordados ao longo do curso. Así, realizarase unha análise pormenorizada das diferentes fontes bibliográficas tanto primarias como secundarias ou terciarias referentes aos feitos históricos, xeográficos ou políticos e demográficos abordados. Tamén se empregarán estas fontes como base de argumentación das tarefas realizadas e das teses desenvolvidas e servirán de referencia para a elaboración de novas tarefas de comprensión, exposición e divulgación dos coñecementos adquiridos. Estas tarefas consistirán na realización de biografías, reportaxes, crónicas ou textos narrativos nos que se aborden os coñecementos referidos na aula e se potencien as capacidades de expresión oral e escrita por parte do alumnado.

### **Fomento das TIC e da Comunicación Audiovisual**

O alumnado deste nivel educativo presenta importantes dificultades na xestión dos recursos tecnolóxicos e audiovisuais debida á escasa implantación destes nos seus propios fogares. Isto implica que se deba realizar un maior esforzo por parte do profesorado docente para o desenvolvemento de estratexias de xestión autónoma e responsable no uso das TIC, de elaboración de recursos audiovisuais ou de formulación de novas ferramentas tecnolóxicas para o traballo da materia. Así, dende a área de Xeografía e Historia potenciarase o uso das TIC mediante a investigación en fontes dixitais, a elaboración de presentacións e gráficos para a análise de datos sociopolíticos e históricos, a elaboración de exposicións audiovisuais e contidos autoeditados e o deseño de ferramentas que potencien á accesibilidade a estes contidos como o deseño de códigos QR ou a creación dun blog específico para a materia neste nivel. Tamén se desenvolverá unha estratexia de colaboración conxunta

co departamento de TIC co obxectivo de aproveitar os recursos didácticos dos que dispón (aula de TIC e ferramentas dixitais) e de potenciar o uso doutros elementos tecnolóxicos de carácter didáctico como a pizarra dixital.

De igual xeito, propoñerase o modelo metodolóxico coñecido como flipped classroom sempre que as condicións de acceso á Internet fóra da aula o permita. Neste senso, terase en conta que estamos a falar dun modelo metodolóxico innovador que ten ante si mesmo as dificultades de acceso ás novas tecnoloxías que presenta a comunidade educativa de referencia, polo que deberá ser un modelo adaptado e conciliador que, en ningún caso, poida dificultar o desenvolvemento do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

### Educación en valores

A educación en valores, moi presente no noso Proxecto Educativo, é outro dos eixes vertebradores da materia. Tendo en conta que o ser humano é por natureza un ser social (zoon politikon, sinalaba Aristóteles) non se pode concebir unha estratexia didáctica que non teña á persoa, e á súa relación coa sociedade, como punto de referencia. Así, dende esta materia tomarase a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948) como elemento vertebrador que consolide as relacións sociais dentro e fóra da aula, axude a comprender a necesidade de aplicar uns valores de interrelación ética e moralmente correctos e procure o rexeitamento de toda actitude discriminadora. En calquera caso, deberase ter en conta que a análise da historia non suporá unha revisión da conduta moral das xeracións anteriores, pois a historia non debe xulgar feitos nin períodos pasados, senón analízalos e comprender as súas causas, senón unha análise de como esta se aplicou e que repercusións tivo para a sociedade da época. É dicir, a Historia axudará a comprender por que hoxe somos quen somos, por que dispoñemos dunha declaración que protexe a nosa integridade como persoas e por que o modelo de tempos pasados foi evolucionando. Será precisamente este modelo de traballo o que permita ofrecer os argumentos suficientes para que o alumnado comprenda que toda actitude contraria á DUDH non supón un avance senón, soamente, un retroceso no tempo e unha volta cara aqueles modelos de conduta caducos que a propia Historia nos demostrou que non eran válidos para unha convivencia pacífica en sociedade.

## 13. Actividades complementarias

Ao longo do curso desenvolveranse actividades complementarias tanto dentro como fóra do centro co obxectivo de acompañar e fortalecer o proceso de ensinanza e aprendizaxe. Estas actividades disporanse de xeito que axuden e complementen os distintos ritmos de traballo do alumnado e terán como base a colaboración dos distintos departamentos e equipos docentes de cada área.

A nivel particular, dende a materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO organizarase algunha saída formativa ao longo do curso, se ben o destino, ou destinos, e datas están aínda por determinar. En calquera caso, procurarase a súa máxima efectividade tanto no relativo á xestión dos recursos económicos como dos recursos educativos dos que dispón o centro.

En relación co resto de departamentos, a materia colaborará en actividades específicas do curso como son as celebracións do Samaín ou do Entroido. Tamén se

formularán tarefas de realización conxunta entre departamentos co obxectivo de que estas actividades complementarias gocen da maior interdisciplinabilidade posible.

## 14. Relación familia-centro educativo

Cando se fala de educación non se pode entender esta como algo illado exclusivo do centro, senón que son as familias no seu seo as que exercen o papel educador e socializador do individuo e as que establecen as primeiras pilastras para unha aprendizaxe significativa ao longo da vida. É por isto que o papel desta materia dentro do currículo de Secundaria debe en todo momento atender ao papel das familias, á colaboración con estas e a interrelación para establecer un modelo de cooperación dentro e fóra do centro que permita un desenvolvemento da aprendizaxe que favoreza realmente os obxectivos que as institucións e a comunidade educativa se propoñen. Así, dende a materia de Xeografía e Historia de 4º da ESO establécese unha estratexia de cooperación coas familias que quere permitir que estas coñezan en todo momento a evolución do alumnado tanto nos aspectos cognitivos como naqueles de desenvolvemento sociopersonal do individuo.

Con tal fin, o persoal docente manterá unha comunicación constante coa persoa titora do grupo en cuestión para que esta ofrezca unha información actualizada de cada educando cando se reúna coas persoas titoras e, ao mesmo tempo, ofrecerá información ás familias, sempre que estas o requiran e que a persoa titora estea informada delo, a través de entrevistas, vía telefónica ou, de ser preciso, correo electrónico. Será a primeira vía a que prevaleza sobre as demais podendo estar presentes nesas entrevistas a persoa titora no centro do ou da educando e persoal do Departamento de Orientación. Estes representantes, xunto coas persoas titoras legais de cada discente, encargaranse de deseñar as estratexias máis axeitadas para atender as dificultades que poida presentar o ou a educando.

O traballo neste eido tamén suporá unha correlación entre os obxectivos didácticos da materia e os obxectivos concretos da área de Titoría, pois será preciso atender a aquelas necesidades, estratexias de estudo ou técnicas de traballo que concrete a persoa titora no centro co obxectivo de desenvolver unha interdisciplinabilidade que acade as metas propostas no alumnado.

A colaboración coas familias tamén se desenvolverá no relativo a eidos específicos de traballo ou saídas profesionais, pois ante a posibilidade de que unha das persoas titoras legais do alumnado ofrezca as condicións necesarias para un coñecemento en profundidade dos elementos e contidos abordados ao longo do curso poderase solicitar a súa presenza e participación nunha charla-coloquio ou nun obradoiro co alumnado. En calquera caso, para poñer en práctica esta colaboración precisarase do visto e prace do equipo directivo e da persoa en cuestión e intentarase que a súa participación teña lugar dentro do horario lectivo desta materia sen necesidade de ter que recorrer ás horas impartidas por outros departamentos.

## 15. Avaliación e promoción

A avaliación é un proceso rigoroso e sistemático de recollida e análise de información, por medio de diferentes instrumentos e procedementos, e de todos os elementos que inflúen no proceso de ensinanza e aprendizaxe. É dicir, non consiste só en avaliar ao

alumnado, senón tamén en realizar e revisar a práctica docente para adaptala ás necesidades e retos plantexados ao longo da experiencia.

A avaliación debe ser continua, formativa e integradora (artigo 21.2, *Decreto 86/2015*). **Continua**, porque realízase ao longo de todo o proceso educativo e, cando o progreso dun alumno no sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo en calquera momento do curso, pero sempre tan pronto como se detecten as dificultades. Estas estarán dirixidas a garantir a adquisición das competencias imprescindibles para continuar o proceso educativo. Debe ser **formativa** e actuar coma un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensinanza coma dos procesos de aprendizaxe. Do mesmo xeito, requírese que sexa **integradora** facendo que desde todas as asignaturas se acaden os obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. Isto non impedirá, aínda así, que «o profesorado realice de xeito diferenciado a avaliación de cada materia tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cada unha delas» (artigo 21.2 do *Decreto 86/2015*).

Deste xeito, e seguindo a *Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia* e a *Orde do 23 de xuño de 2008* que a modifica, así como a *Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato*, estableceranse medidas para que a avaliación se adapte ás necesidades do alumnado con NEAE, adopte indicadores de logro cos que avaliar o nivel de consecución dos obxectivos programados e garanta o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva que valore e recoñeza a súa adicación, esforzo e rendemento. O apartado de avaliación responderá, polo tanto, ás preguntas: ¿Que avaliar?, ¿cando avaliar? e ¿como avaliar?

O obxecto a avaliar, o «que», o definimos no apartado 8. Criterios de avaliación ao nos referir aos criterios seguidos para avaliar o proceso de ensinanza e aprendizaxe ao longo do curso e, dentro de cada unidade didáctica, de xeito específico. No entanto, esta avaliación debe acoller tamén a práctica docente. É por iso que disporese dun **diario de aula** que recollerá apuntamentos sobre o grao no que os obxectivos propostos para cada tarefa estanse a cumprir, as melloras propostas e a adecuación das modificacións, tanto temporais como metodolóxicas, ás necesidades e capacidades do alumnado.

O «cando avaliar», pola súa parte, estará dividido en tres etapas diferentes:

- **Avaliación inicial:** terá lugar nas dúas primeiras semanas do curso e plantexarase por medio da observación por parte do persoal docente e a recollida de tarefas, ben sexan en soporte material como dixital. Esta avaliación será o punto de partida para observar os coñecementos previos dos que dispón o alumnado e adecuar os contidos que se van abordar nas seguintes semanas.
- **Avaliación procesual ou continua:** a súa función é de diagnóstico e orientación constante, pois serve para coñecer e valorar o traballo do alumnado, a súa evolución, o grao no que os e as educandos están a cumprir os indicadores de logro e os obxectivos propostos e o grao no que a función docente está a cumprir cos seus obxectivos iniciais.

- **Avaliación final:** ofrece unha información conxunta, aínda que non sempre concluínte, sobre o proceso de ensinanza e aprendizaxe. É unha avaliación que, neste caso, establécese a partir dunhas probas nas que sempre deberán estar presentes preguntas de comprensión, análise, exposición e preguntas curtas referidas a contidos concretos. O obxectivo é que esta avaliación non só sirva para coñecer o grao de coñecemento dos contidos vistos, senón tamén o grao de comprensión, a capacidade de formulación de novas hipóteses a partir deles e aqueles elementos nos que hai que afondar para fortalecer o proceso de ensinanza e aprendizaxe. Para realizar esta avaliación realizaranse dúas probas por trimestre que veranse complementadas por unha avaliación procesual continua. Tamén haberá, antes de rematar o curso, unha proba a maiores para aquel alumnado que non superase algún dos bloques de traballo desenvolvidos.

O «como avaliar» virá determinado polos instrumentos de avaliación. Aínda que no bloque anterior xa se detallou algún deles, a continuación expóñense de xeito pormenorizado:

### **a) Avaliación inicial**

Partindo dos informes específicos de avaliación previa formulados polo Departamento de Orientación, elaborárase un formulario de actividades de aula no que se combinarán preguntas curtas, preguntas de relación e preguntas de comprensión sobre os contidos da materia de Xeografía e Historia. Este formulario disporá dunha rúbrica de avaliación que, ao mesmo tempo, recollerá apartados específicos referidos ás observacións do persoal docente na aula, á avaliación de elementos procedimentais desenvolvidos durante os traballos individuais e grupais e á avaliación das relacións interpersonais que se observan dentro da aula. É dicir, a avaliación inicial terá en conta: coñecemento de contidos previos e de contidos futuros, observacións do persoal docente, tarefas e traballos individuais e grupais e relacións sociais dentro da aula.

### **b) Avaliación continua**

A avaliación continua basearase nunha observación directa e permanente do traballo do alumnado, da súa participación na aula, da súa interacción co resto do grupo e co docente ou da súa colaboración e grao de implicación nas actividades en grupo. Para a realización desta avaliación deseñaranse rúbricas, listas de control, escalas de estimación categoriais e descritivas e recollerase no diario de aula as incidencias que se puideron ter observado ao longo do curso relativas tanto ao proceso de aprendizaxe como ao de ensinanza co obxectivo de que sexa unha avaliación bidireccional.

#### **15.b.1 Procedementos para a avaliación continua**

Na avaliación da evolución do alumnado ao longo do curso levaranse a cabo os seguintes procedementos:

- Tarefas, traballos, composicións de textos e actividades en grupo e individuais: posibilitan o seguemento continuado da evolución do alumnado (comprensión de contidos e aprendizaxe das competencias).



Procurarase que sexan o máis variadas posibles (definicións, mapas, gráficos, comentarios de texto, traballos individuais ou grupais, debates etc), tanto para fomentar o desenvolvemento de todas as competencias como para atender á diversidade e aos distintos ritmos de maduración cognitiva.

- Probas de contidos: son probas escritas que permiten avaliar tanto a fixación das cuestións teóricas como as destrezas na parte práctica ou as competencias. Como regra xeral (aberta ás incidencias que poidan xurdir), realizarase un mínimo de dúas probas por avaliación.
- Probas de mapas: son probas de mapas de Xeografía física e política de cada un dos continentes nos que se propoñerán 20 puntos a localizar (mapa físico) e 40 puntos (mapa político) dos que haberá que ubicar correctamente 12 (no caso de físico) e 24 (no caso do político) para que a proba se considere superada.
- Caderno de clase: é o caderno que recolle as actividades, tarefas e propostas de aprendizaxe desenvolvidas no día a día na aula e no fogar. Para que este reciba unha avaliación favorable será necesario que estean presentes nel todas as actividades propostas durante cada avaliación, a corrección daquelas que non se fixeron correctamente e que haxa orde e claridade na exposición dos contidos.

### 15.b.2 Criterios de cualificación

- Tarefas, traballos, composicións de textos e actividades en grupo e individuais: terán un valor do 30% da nota final de cada avaliación. Poderase perder esta porcentaxe por:
  - Non traer as tarefas, composicións, definicións ou actividades feitas e cumprindo os criterios establecidos en cada caso (a copia ou plaxio dun traballo suporá que quede invalidado e a súa nota numérica sexa un 0).
  - Non colaborar, participar e traballar nas actividades grupais.
  - Non entregar as tarefas, composicións, definicións ou actividades na data establecida.
  - No caso de que a nota numérica dun traballo ou unha composición sexa inferior a 3,5 o autor ou autora deberá repetila para que poida facer media co resto de notas da avaliación.
- Probas de contidos: o seu valor supón o 50% da nota final de cada avaliación (no caso de que haxa dúas probas, o reparto do peso de cada unha delas neste 50% será dun 20% a primeira e un 30% a segunda). Considerarase que unha proba está aprobada cando se obteña un 5 sobre 10 no resultado numérico da mesma. Á avaliación das probas de contidos engádese un aspecto avaliable que só se terá en conta neste caso, a

corrección ortográfica. Esta será avaliada en cada unha das probas do seguinte xeito:

- Por cada dúas faltas graves descontarase 0,1 sobre 10 da nota final da proba. Considérase falta grave a ausencia dunha til, os erros ortográficos (b por v; m por n; k por q, etc.), os erros gramaticais ou erros referidos á terminoloxía específica da materia.
- Por cada dúas faltas leves descontarase 0,005 sobre 10 da nota final da proba. Considérase falta leve a ausencia de puntos, de comas, de separación entre parágrafos, de letras, ou calquera outra falta na expresión escrita non recollida dentro do grupo das faltas graves.
- Probas de mapas: haberá dúas por trimestre. Aprobalas no primeiro intento suporá un 10% da nota da avaliación. Quen non as aprrobe non poderá optar a ese 10%, só poderá optar á súa recuperación sumando esta un 5% da nota final. É dicir, por cada mapa aprobado no primeiro intento súmase un 0,5 ( $0,5+0,5=1$ ) na avaliación, de ser no segundo sumarase un 0,25 ( $0,25+0,25=0,5$ ). Será imprescindible aprobar os mapas para aprobar a avaliación, se ben, no terceiro intento e seguintes só se computará a proba como aprobada, pero non sumará nada á nota final da avaliación.
- Caderno de clase: Ao final de cada trimestre recolleranse as libretas (10%) de cada alumno/a da asignatura e avaliarase:
  - Presenza de todas as actividades propostas.
  - Orde e claridade na exposición dos contidos.
  - Corrección dos erros que se puidesen observar ao longo do trimestre.

### 15.b.3 Elaboración da nota media trimestral

No tocante á ponderación da cualificación dos exames na media trimestral, a nota mínima que debe de acadar o alumnado para a elaboración desta será dun 3,5. Se non chega a esta cifra, darase esa parte da materia por non superada (e seguiranse os procedemento que detallamos a continuación para a recuperación dos exames ou avaliacións).

No caso de que algún alumno ou alumna realice unha práctica fraudulenta no exame, dita proba será cualificada coa nota de 0, e suspenderá a correspondente avaliación con todas as súas consecuencias.

Para que unha avaliación se considere superada, a suma de todas as porcentaxes, e a ponderación porcentual de cada un dos apartados referidos no punto 15.b.2. debe dar como resultado un 5 sobre 10. Se non se obtén esta nota despois de realizar a ponderación, a avaliación considerarase suspensa.

#### 15.b.4 Recuperación dunha proba ou exame

O alumnado que non acade un 3,5 na primeira convocatoria dunha proba ou exame terá a obrigatoriedade de repetilo. Esta recuperación realizarase antes do termo da avaliación ou, no caso de non ser posible, a comezos da seguinte avaliación.

Na recuperación da proba será necesario obter un 3,5 ou máis para poder facer media co resto de notas da avaliación. Se non se obtén esa nota, non se fará media. É dicir, para aprobar a avaliación hai que ter todas as probas aprobadas.

#### 15.b.5 Recuperación dunha avaliación

Realizarase unha única proba escrita de recuperación dunha avaliación por trimestre. A este respecto, só no caso de superala (cando se chegue a cinco puntos sobre 10) esta nota fará media para a obtención da cualificación da avaliación ordinaria de xuño.

Así mesmo, existirá unha proba escrita de recuperación final en xuño, coas seguintes características:

- Aqueles alumnos ou alumnas que só teñen unha avaliación pendente, realizarán unha proba dos contidos relativos aos seus bloques específicos.
- Os alumnos con dúas ou tres avaliacións pendentes examinaranse da totalidade da materia.

### c) Avaliación final

Terá como base a realización de probas escritas, pero tamén todo o traballo realizado ao longo do curso ou dun trimestre, os resultados arroxados polos instrumentos de avaliación e as observacións realizadas polo persoal docente e recollidas nos instrumentos de avaliación antes referidos. Esta avaliación non se poderá entender como algo illado, senón que terá que observar a evolución do alumnado ao longo do trimestre ou do curso, o traballo realizado para acadar os estándares de aprendizaxe e indicadores de logro propostos e a correlación entre esta aprendizaxe e a adquisición das competencias propostas para esta etapa.

Por outra banda, e co obxectivo de que haxa unha valoración do traballo conxunto realizado polo alumnado ao longo do curso, o conxunto da avaliación de cada trimestre realizarase de xeito proporcional tendo en conta os seguintes criterios: a primeira das probas escritas de terá un peso dun 20% sobre a nota final, mentres que a segunda terá un peso do 30%; a participación na aula do alumnado terá un valor do 10% da nota entendéndose sempre que o alumnado decaerá no recoñecemento desta porcentaxe no caso de que acumule tres chamadas de atención por faltas graves dentro da aula; as tarefas e actividades en grupo e individuais valerán un 20% e o alumnado decaerá no recoñecemento desta porcentaxe no caso de non traer as tarefas feitas en tres ou máis ocasións, copiar ou plaxiar un traballo dispoñible nunha fonte allea, non colaborar ou participar nas actividades individuais ou grupais, ou non entregar as tarefas na data establecida en tres ou máis ocasións. De igual modo, haberá un caderno de clase que se valorará ao final de cada trimestre e a súa ponderación será do 10% da nota final. Neste caderno valorarase a presenza de todas as actividades propostas, a orde e claridade na exposición dos contidos e a correccións dos erros que se puidesen observar ao longo do trimestre. Tamén se realizarán dúas probas de mapas por trimestre. Aprobadas no primeiro intento suporá

un 10% da nota da avaliación. Que non as aprobe, non poderá optar a ese 10%, só poderá optar á súa recuperación sumando esta un 5% da nota final. É dicir, por cada mapa aprobado no primeiro intento súmase un 0,5 sobre 10 na avaliación, de ser no segundo intento, cada mapa sumará un 0,25 sobre o 10 correspondente á parte de mapas. De non aprobar nin o primeiro nin o segundo intento, haberá que realizar un terceiro, pero este non sumará nada.

A calificación do curso seguirá un modelo de avaliación continua. Se algún discente non obtivese un 5 de media das tres primeiras avaliacións a comezos do mes de xuño, realizarase unha proba extraordinaria das avaliacións suspensas antes de que se realice a avaliación final.

Non se establecen medidas de recuperación de pendentos para esta materia en 4º da ESO no curso 2022/2023 porque non hai ningún nin ningunha discente que acceda ao presente curso coa materia suspensa de cursos ou niveis anteriores.

Como se apuntou con anterioridade a práctica docente tamén será avaliada mediante rúbricas e escalas de estimación categorial cuxa aplicación poderá temporalizarse de xeito trimestral. Do mesmo xeito, disporase dun diario de aula no que se recolla unha avaliación continua da práctica docente e das estratexias metodolóxicas. A programación didáctica, mentres, será avaliada a final de cada curso, ou de considerarse preciso con anterioridade, mediante unha rúbrica de avaliación que recollerá o grao de consecución dos distintos indicadores de logro propostos para a aplicación e posta en práctica desta programación.

#### d) Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente.

O profesorado deberá de ter en conta, unha vez finalizado o proceso de aprendizaxe de cada unidade didáctica, a resposta dos alumnos ou alumnas ante os seus contidos e procedementos, e tomar nota no caderno de aula das incidencias que xurdiron no seu desenvolvemento.

Estas anotacións, así como outras cuestións de especial relevancia, ficarán recollidas na memoria final de curso e na programación didáctica do ano seguinte, coa finalidade de tentar corrixir ou mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe da materia. En suma, partírase dos seguintes indicadores de logro:

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
<b>Proceso de ensino:</b>				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do				

profesorado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				

<b>Práctica docente:</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				
5.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
6.- Incorpóranse ás TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				
7.- Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar?				
8.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
9.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
10.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
11.- Cal é o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
12.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				
14.- Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				

## e) Avaliación da programación didáctica

Ademais da avaliación continua da programación didáctica pautada no apartado anterior, ao final do curso realizarase tamén unha observación xeral da práctica docente. Nela teranse en conta os seguintes indicadores de logro:

- a) O nivel de impartición dos contidos e, de ser o caso, as causas da súa modificación.
- b) O grado de consecución final dos obxectivos.
- c) A ponderación das cualificacións acadadas polo alumnado.
- d) A valoración das actividades complementarias e extraescolares.
- e) O grado de consecución doutros obxectivos didácticos ou de convivencia relativos a toda a comunidade educativa.

## 16. Adaptación da programación ás continxencias sanitarias pola COVID-19

En febreiro de 2020 a Organización Mundial da Saúde declarou pandemia a extensión dun gromo de coronavirus denominado SARS-COV2 que tamén afectou ao noso territorio. A expansión dese gromo, ademais dunha elevadísima cifra de mortes a nivel mundial e diversas afeccións e efectos secundarios entre a poboación que o sufriu, motivou o peche dos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia o día 13 de marzo de 2020. Este peche motivou un cambio na metodoloxía empregada, pois a partir de entón, e ata o final do curso 2019-2020, foi preciso recorrer ás canles dixitais.

En setembro de 2022 a declaración de pandemia mantense activa, no territorio galego e no estatal seguen a producirse novos gromos e segue presente a posibilidade de confinar ou illar a pequenos grupos de poboación. Ante esta situación, e cumprindo coa lexislación ao respecto publicada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, establécense para a nosa materia tres modelos distintos de desenvolvemento da programación e de aplicación da mesma.

Todas as medidas aquí recollidas poderán sufrir modificacións en función das instrucións publicadas pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade ou o Ministerio de Educación y Formación Profesional en cada momento. Polo tanto, o plan de acción aquí exposto non é máis que unha proposta metodolóxica vulnerable ás medidas adoptadas polas institucións competentes na materia.

### 16.1 Modelos de aplicación da programación didáctica no curso 22-23

#### 16.1.1 Modelo A (presencial)

Entenderase por modelo presencial aquel no que o alumnado asista con normalidade ás aulas de xeito presencial e no que a actividade no centro supoña, a lo menos, un 90% da docencia por parte do profesorado. Neste modelo non se contempla a existencia dun gromo na aula de referencia que obrigue ao illamento do total do alumnado ou do profesorado encargado de impartir a materia. É, polo tanto, un modelo de normalidade absoluta no que as medidas de continxencia fronte á pandemia non estarían afectando ao normal desenvolvemento das sesións lectivas na aula.

Este modelo aplicará a estratexia metodolóxica e a temporalización recollidas nos anteriores apartados da programación.

#### **16.1.2 Modelo B (semipresencial)**

Entenderase por modelo semipresencial aquel no que se estableza unha diversificación de asistencia ás aulas por parte do alumnado. Aínda que este modelo non foi plantexado ata o momento actual polas institucións educativas autonómicas e estatais para os centros de ensino Secundario e Bacharelato, si que se está a aplicar nas universidades galegas e noutros centros de estudo de España, polo que se considera de interese telo en conta ante a posibilidade de que, nun momento dado, se poña en práctica.

Neste modelo aplícase unha diferenciación de asistencia ás aulas por parte do alumnado de xeito que unha aula pódese dividir en dous grupos e que cada un destes acuda ao centro en días alternos ou sucesivos, pero sen que un grupo coincida co outro. É dicir, podería darse o caso no que a metade do alumnado acuda ao centro os luns e os martes, a outra metade mércores e xoves e os venres un e outro grupo se vaian alternando. Esta opción é a máis extendida na actualidade en centros de estudos superiores, pero a súa efectividade aínda non está demostrada, polo que calquera opción na que o total do alumnado non acuda aos centros no habitual período lectivo estaría incluída neste modelo semipresencial.

#### **16.1.3 Modelo C (online)**

Entenderase por modelo online aquel no que a asistencia ao centro se vexa restrinxida ou paralizada por orde da autoridade educativa ou sanitaria da nosa área de actuación. Este modelo implica a non asistencia ao centro educativo por parte do alumnado ou do profesorado e cumpre, en un gran número de aspectos, coas características do modelo aplicado dende o 13 de marzo de 2020 ata o final do curso 2019-2020. Dicimos que cumpre con estes aspectos, pero non en todos, porque ademais de ser o modelo de aplicación de referencia en caso dun novo confinamento da nosa comunidade educativa, tamén pode ser un modelo de aplicación no caso de que só o grupo de referencia da materia ou o profesorado que a imparte se vise afectado por unha restricción da mobilidade que implique o seu confinamento. É dicir, a diferenza do que aconteceu a finais do curso 19-20, este modelo aplicarase non só cando o conxunto da comunidade educativa se vexa confinado, senón tamén no caso de que o grupo afectado sexa só o de referencia da materia ou o profesorado que a imparte.

En calquera caso, non se considerará obrigada a súa aplicación en caso de que o alumnado ou o profesorado da materia vexan limitada a súa mobilidade e non se atopen en condicións de desenvolver a normal actividade lectiva (baixas médicas ou situacións de illamento que limiten as posibilidades de docencia online). Este modelo verase sempre condicionado polas instrucións que dite a autoridade educativa, pero o descoñecemento de cales poidan ser esas instrucións, na actualidade, fai que non se poidan determinar tampouco con exactitude os casos nos que o modelo online non se aplicará e se establezan, a título individual, estas posibles limitacións.

##### **16.1.3.a Temporalización**

A temporalización da materia durante os períodos de docencia online verase afectada polas condicionantes que establezan os cauces de comunicación. Aínda que se intentará cumprir coa temporalización prevista para o conxunto do curso no modelo

presencial, haberá que adaptara esta temporalización aos posibles problemas que poidan presentar as plataformas online aconselladas para a docencia online. Ademais, hai que ter en conta que a nosa actividade docente desenvólvese nun contexto no que as comunicacións por Internet e telefonía non gozan sempre de boa cobertura e é bastante habitual que se produzan cortes ou desconexións temporais do servizo que impidan o normal desenvolvemento das clases.

Ante a previsión de que se poida dar unha incidencia temporal nas plataformas online de referencia establecidas pola Consellería, o profesorado intentará dotar de actividades e materiais ao alumnado para que poida traballar na casa a materia que estaba prevista para o día no que se produciu esa incidencia.

No caso de que se dea unha incidencia mantida no tempo, ben sexa nas plataformas online de referencia establecidas pola Consellería ou nas infraestruturas de telecomunicacións, e impida o normal desenvolvemento das sesións lectivas, o problema será comunicado á dirección do centro e á inspección educativa.

#### 16.1.3.b Relación entre contidos, criterios de avaliación, competencias clave, elementos transversais e estándares

A relación entre contidos, criterios de avaliación, competencias clave, elementos transversais e estándares establecida na programación presencial manterase na docencia online. Só no caso de que, como sucedeu na terceira avaliación do curso 2019/2020, a autoridade educativa resolva unha adaptación desta realizaranse os cambios que se consideren oportunos dende o departamento de Xeografía e Historia para cumprir coa legalidade.

De realizarse unha adaptación deste apartado, daráselle publicidade á relación modificada de contidos, criterios de avaliación, competencias clave, elementos transversais e estándares mediante a páxina web do centro.

#### 16.1.3.c Metodoloxía didáctica

A posta en práctica desta programación mediante cauces telemáticos implicará unha modificación na metodoloxía diaria aplicada na aula. Deste xeito, as actividades individuais ou grupais propostas polo docente realizaranse mediante a Aula Virtual do centro e as ferramentas dixitais das que a comunidade educativa dispoña para unha aprendizaxe diversificada. Pola súa banda, as sesións de intercambio de coñecementos e desenvolvemento dos mesmos de xeito oral se realizarán mediante a plataforma de comunicación Webex sempre e cando esta plataforma permita o normal acceso de todo o alumnado do grupo de referencia. De non ser posible esa comunicación online (algo que foi moi habitual nos cursos anteriores debido a que o alumnado manifestou problemas de cobertura ou de conexión online especificamente mediante Webex e o propio profesorado experimentou eses problemas con esta plataforma) agardaranse instrucións por parte da autoridade educativa competente.

Polo que respecta ás ferramentas de avaliación, estas adaptaranse ás posibilidades de avaliación online que ofrezca a Aula virtual do centro ou calquera outra ferramenta complementaria que garanta a privacidade do alumnado. Tamén será avaliada a participación nas conexións online co alumnado e os traballos e tarefas realizadas ao longo de cada período de aplicación do modelo online.

#### 16.1.3.d Avaliación

A avaliación dun modelo de aprendizaxe online virá determinada non só polas circunstancias de confinamento do alumnado e do profesorado que se poidan dar,



senón tamén polas instrucións que dite a autoridade educativa ao respecto. Deste xeito, aínda que como norma xeral se manterán as ferramentas de avaliación propias do modelo presencial, no caso de que unha ou o conxunto do grupo se atopen baixo confinamento, e sempre que esta situación se manteña no tempo ata completar unha avaliación, empregaranse os seguintes procedementos e ferramentas:

a) Procedementos para a avaliación continua (online)

Na avaliación da evolución do alumnado durante o período de tempo no que se teña que desenvolver unha metodoloxía online:

- Participación nos grupos de traballo online e nas clases: valorarase o interese, a participación, o esforzo e o comportamento. Unha chamada de atención grave suporá a perda completa da nota correspondente a este apartado da avaliación.
- Tarefas, traballos, composicións de textos e actividades en grupo e individuais: posibilitan o seguimento continuado da evolución do alumnado (comprensión de contidos e aprendizaxe das competencias). Procurarase que sexan o máis variadas posibles (definicións, mapas, gráficos, comentarios de texto, traballos individuais ou grupais, debates etc), tanto para fomentar o desenvolvemento de todas as competencias como para atender á diversidade e aos distintos ritmos de maduración cognitiva.
- Probas de contidos: terán lugar sempre e cando as condicións establecidas pola autoridade educativa nolo permitan.

b) Criterios de cualificación

- Participación na aula: ponderará un 10% da nota final de cada avaliación. Este 10% poderase perder pola comisión dunha falta grave.
- Tarefas, traballos, composicións de textos e actividades en grupo e individuais: terán un valor do 50% da nota final de cada avaliación.

Poderase perder esta porcentaxe por:

- Non presentar as tarefas, composicións, definicións ou actividades feitas e cumprindo os criterios establecidos en cada caso (a copia ou plaxio dun traballo suporá que quede invalidado e a súa nota numérica sexa un 0).
- Non colaborar, participar e traballar nas actividades grupais.
- Non entregar as tarefas, composicións, definicións ou actividades na data establecida.
- No caso de que a nota numérica dun traballo ou unha composición sexa inferior a 3,5 o autor ou autora deberá repetila para que poida facer media co resto de notas da avaliación.
- Probas de contidos: o seu valor supón o 40% da nota final de cada avaliación (no caso de que haxa máis de dúas probas, o reparto do peso de cada unha delas neste 40% será proporcional). Considerarase que unha proba está aprobada cando se obteña un 5 sobre 10 no resultado numérico da mesma. Á avaliación das probas de contidos engádese un aspecto avaliabile que só se terá en conta neste caso, a corrección ortográfica. Esta será avaliada en cada unha das probas do seguinte xeito:

- Por cada dúas faltas graves descontarase 0,1 sobre 10 da nota final da proba. Considérase falta grave a ausencia dunha til, os erros ortográficos (b por v; m por n; k por q, etc.), os erros gramaticais ou erros referidos á terminoloxía específica da materia.
- Por cada dúas faltas leves descontarase 0,005 sobre 10 da nota final da proba. Considérase falta leve a ausencia de puntos, de comas, de separación entre parágrafos, de letras, ou calquera outra falta na expresión escrita non recollida dentro do grupo das faltas graves.

**No caso de que a autoridade educativa estableza a prohibición de realizar probas de contidos online**, o reparto da porcentaxe de cada unha das ferramentas será: participación na aula e ponderará un 20%; tarefas e traballos ponderará un 80%.

#### c) Elaboración da nota media trimestral

No tocante á ponderación da cualificación dos exames/traballos na media trimestral, a nota mínima que debe acadar o alumnado para a elaboración desta será dun 3,5. Se non chega a esta cifra, darase esa parte da materia por non superada (e seguiranse os procedementos que detallamos a continuación para a recuperación dos exames ou avaliacións).

No caso de que algún alumno ou alumna realice unha práctica fraudulenta no exame/traballo, dita proba será cualificada coa nota de 0, e suspenderá a correspondente avaliación con todas as súas consecuencias.

Para que unha avaliación se considere superada, a suma de todas as porcentaxes, e a ponderación porcentual de cada un dos apartados referidos no punto 16.1.3.d.b) debe dar como resultado un 5 sobre 10. Se non se obtén esta nota despois de realizar a ponderación, a avaliación considerárase suspensa.

#### d) Recuperación dunha proba, exame ou traballo

O alumnado que non acade un 5 na primeira convocatoria dunha proba, exame ou traballo terá a obrigatoriedade de repetilo. Esta recuperación realizarase antes do termo da avaliación ou, no caso de non ser posible, a comezos da seguinte avaliación.

Na recuperación da proba, exame ou traballo será necesario obter un 3,5 ou máis para poder facer media co resto de notas da avaliación. Se non se obtén esa nota, non se fará media. É dicir, para aprobar a avaliación hai que ter todas as probas, exames ou traballos aprobados.

Se unha persoa suspende unha proba online (estando en confinamento) e recibe a alta para volver ao modelo presencial antes da recuperación deberá facer esa recuperación da proba xa no modelo presencial.

#### e) Recuperación dunha avaliación

Realizarase unha única proba escrita de recuperación dunha avaliación por trimestre. A este respecto, só no caso de superala (cando se chegue a cinco puntos) esta nota fará media para a obtención da cualificación da avaliación ordinaria de xuño. No caso de que a persoa que ten facer a recuperación dunha avaliación estea confinada (e sempre que se trate dunha situación transitoria que non se manteña máis dun mes) agardarase á súa volta ao centro para fixar unha data para a recuperación.

En calquera caso, esta data debe fixarse para os primeiros días de volta ás aulas por parte desa persoa.

Asímesmo, existirá unha proba escrita de recuperación final en xuño, coas seguintes características:

- Aqueles alumnos ou alumnas que só teñen unha avaliación pendente, realizarán unha proba dos contidos relativos aos seus bloques específicos.
- Os alumnos con dúas ou tres avaliacións pendentes examinaranse da totalidade da materia.
- En caso de que a persoa que debe recuperar en xuño estea confinada, agardaranse as indicacións da autoridade educativa ou, de non existir, establecerase un modelo para poder realizar a recuperación dentro dos prazos establecidos. En calquera caso, esa proba que se realice (nun caso de confinamento) seguirá as características antes sinaladas (aqueles alumnos ou alumnas que só teñen unha avaliación pendente, realizarán unha proba dos contidos relativos aos seus bloques específicos; os alumnos con dúas ou tres avaliacións pendentes examinaranse da totalidade da materia).

#### f) Avaliación final

Desde o punto de vista da cualificación final ordinaria, realizarase unha media das notas acadadas nas tres avaliacións, considerándose que o alumnado supera a materia se chega a cinco puntos sobre dez.

O redondeo da cualificación, será á alza cando a parte decimal sexa igual ou superior a 0,5 e á baixa no caso oposto.

#### g) Avaliación extraordinaria

Aquel alumnado que non acade unha cualificación igual ou superior a 5 puntos na avaliación ordinaria de xuño, deberán realizar unha proba extraordinaria en setembro sobre todos os contidos do curso, independentemente de que durante este tiveran algunha avaliación trimestral superada. Esta proba escrita constará dunha serie de exercicios que partiran dos contidos ou competencias mínimas requeridas na materia. As condicións de realización desta proba escrita virán determinadas pola autoridade educativa competente ou, de non ofrecerse instrucións concretas, será o docente da materia o que determine como se levará a cabo a súa realización.

## 17. Bibliografía

- Generales, C. (1978). Constitución Española 1978. *Boletín Oficial do Estado*.
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Ley Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- Ley Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación
- Ley Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Real Decreto 83/1996, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 22 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Resolución do 10 de novembro de 2021, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dá publicidade das festas laborais de carácter local para o ano 2022 correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia
- Resolución do 26 de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2022/23.
- Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato